

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de NOVIEMBRE de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de novembro de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional da Deputación da Coruña tras os recentes atentados, da crise migratoria e de persoas refuxiadas](#)

[*Declaración institucional da Deputación da Coruña ao respecto da non violencia no deporte e do asasinato de Francisco Javier Romero Taboada \(Jimmy\)](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 12/2015, do 6 de novembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23901 á nº 25800, de 2015.](#)

[3.- Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes: Núm. 23139, do 23 de outubro de 2015, sobre cesamento de persoal eventual e Núm. 23686, do 29 de outubro de 2015, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.](#)

[4.-Comunicación do cambio de portavoz do Grupo Popular da Deputación.](#)

[5.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario do mes de decembro.](#)

Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[6.-Aprobación do convenio coa Academia Galega de Ciencias para financiar as “Actividades do ano 2015”.](#)

[7.-Aprobación do convenio coa Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a “XIII edición dos Premios Mestre Mateo no ano 2015”.](#)

[8.-Aprobación do convenio coa Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o “Programa de actividades do ano 2015”.](#)

[9.-Aprobación do convenio coa Fundación Eugenio Granell para financiar as “Actividades do ano 2015”.](#)

[10.-Aprobación do convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar “Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2015”.](#)

Comisión de Deportes e Mocidade

[11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña para financiar a realización do proxecto “Esgrima Conecta”.](#)

[12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Asociación de antigos alumnos Colegio Santo Domingo para financiar a participación na liga nacional de Hóckey sobre patíns no ano 2015".](#)

Comisión de Promoción Económica e Emprego

[13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación de Empresarios y Profesionales Compostela Monumental para financiar o proxecto "Dinamización Comercial Compostela Monumental".](#)

[14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Fundación Rendementos Económico Mínimo Sostible e Social \(FREMSS\) para financiar o proxecto "II Congreso de sostibilidade Social e Económica do Sector Pesqueiro".](#)

[15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Club Deportivo Equicio para financiar o proxecto "XVIII Salón do Cabalo. Equicio 2015".](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

[16.-Aprobación inicial da quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015.](#)

[17.-Aprobación do Plan de investimentos de vías provinciais 2015, terceira fase.](#)

[18.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2015, cuarta fase.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[19.-Inicio de expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m² no edificio da Milagrosa, 2ª planta, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto e aprobación do texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á Fundación Meniños, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.](#)

[20.-Aprobación dos novos pregos tipo de obras adaptados ás modificacións do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e modificacións do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro:](#)

- A) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos plans provinciais.
- B) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras comprendidas nos plans provinciais.
- C) Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística

21.-Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015, 1ªfase, apartado convenios.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, que se financia a través do Plan de acción social (PAS) 2015.

23.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Rexeneración de pistas en Devesos e Cuíña”, do Concello de Ortigueira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0145.0.

24.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Senda peonil en Penadeiriz”, do Concello das Somozas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0205.0.

25.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Reforma de local social para Casa da Xuventude” do Concello de Carral, obxecto do convenio de colaboración número 323/2013.

26.-Aprobación da modificación do financiamento do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques para a execución das obras de “Interior en Prados (Paradela) e outros”.

27.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Ampliación da rede de saneamento en Miodelo”, do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, co código 14.2101.0305.0.

28.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento das obras de “Construción de vestiarios, peche e outras melloras no campo de fútbol de Iñás”.

29.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora da capa de rodaxe mercado de Moeche e outros “ do Concello de Moeche, obxecto do convenio de colaboración número 45/2015.

30.-Aprobación do proxecto complementario nº 1 da obra “Ensanche da DP 2702 senda peonil Espenuca (Coirós), PK 1,75 ao PK 2,19” do Plan de sendas peonís 2014, cuarta fase, e a súa inclusión no Plan de sendas peonís 2015, co código 2015.1170.0008.0.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

31.- Aprobación do orzamento xeral do exercicio 2016 e das bases para a súa execución.

32.-Aprobación da reestruturación orgánica, cuarta fase. Relación de postos de traballo e organigrama para o ano 2016.

33.-Aprobación do cadro de persoal para o ano 2016.

34.-Modificación parcial das bases e criterios do plus especial de produtividade para a súa asignación no exercicio 2015.

35.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 6/2015.

36.-Autorización do expediente de modificación de créditos 02/2015 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

37.-Aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ortigueira (recadación executiva do ICIO).

38.-Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral da Deputación.

39.-Aprobación da modificación das bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

40.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Refuxio de Animais, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento no ano 2015.

41.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Tierra de Hombres-España, para o financiamento do proxecto “Viaxe cara á vida 2015”.

42.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina, para colaborar no financiamento de actuacións de conservación e mantemento do “Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA)”.

43.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a “Fundación lo que de verdad importa”, para o cofinanciamento do congreso para o fomento dos valores humanos, éticos e morais, realizado na cidade da Coruña o 19 de marzo de 2015.

44.-Renuncia de Don Diego Calvo Pouso á súa condición de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

-Moción do Grupo Provincial do Partido Popular sobre ampliación e mellora da estrada EP-7802 Roxos-Reborido en Santiago de Compostela.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE NOVEMBRO DE 2015

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de novembro de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a M ^a ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. CARLOS NEGREIRA SOUTO	PP
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP

D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Non asisten os Sres. Caínzos Vázquez e Calvo Pouso.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Moi bo día, empezamos esta sesión de Pleno nun día triste no que recordamos o falecemento do escritor Xosé Neira Vilas.

Sr. Secretario

En primeiro lugar hai dúas declaracións institucionais asinadas por todos os Grupos políticos con representación na Deputación Provincial da Coruña, é dicir, o Partido Popular, o Partido Socialista de Galicia, o PSOE, o Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños. O teor literal destas declaracións é o seguinte:

Declaración institucional da Deputación da Coruña tras os recentes atentados, da crise migratoria e de persoas refuxiadas

A deputación da Coruña quere trasladar, a respecto dos atentados acontecidos nas últimas semanas nas cidades de Beirut e París, o seu máis fondo rexeitamento ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levado a cabo en calquera lugar do mundo. Son moitas as vidas segadas e as persoas feridas e esta institución quere, antes de máis nada, solidarizarse coas vítimas, as súas familias e a veciñanza das cidades afectadas que, nestes lugares e noutros, sofren as consecuencias de enfrontamentos e guerras que a comunidade internacional non é quen de resolver pacificamente.

Non podemos perder de vista o impacto social que continúa a ter en Europa a crise das persoas refuxiadas que foxen de conflitos (o palestino ou o de Siria), da inestabilidade de posguerras inacabadas (Afganistán, Iraq, Libia), e dos problemas de

pobreza, disparidade económica e de desenvolvemento (África). Por iso esta deputación reitera o seu compromiso a prol dos dereitos humanos e da liberdade, nun contexto en que é imprescindible a cooperación para rematar cos factores orixinais que inciden nestas crises humanitarias e en tanto sufrimento inútil.

Por todo isto, a Deputación da Coruña, para alén de expresar a súa solidariedade con todas as vítimas dos atentados de París, insta as autoridades internacionais e medios de comunicación a expresaren igual tratamento informativo, de comprensión e de solidariedade cara a aquelas vítimas de recentes atentados terroristas acaecidos en países do norte e do su, como por exemplo, Turquía, Líbano, Túnez, Mali etc.

Urxe facer visible o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de dereitos humanos coas persoas migrantes, refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas. Nesta liña, xulgamos necesario que se desenvolva unha campaña masiva de difusión e de información sobre esta trágica realidade, a das persoas refuxiadas e as crises humanitarias, así como pensamos de grande interese abrir un debate plural e obxectivo sobre as raíces da violencia e do terrorismo.

Por todo isto, atendendo as recentes peticións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, a Deputación da Coruña insta os concellos a tomaren en conta a próxima celebración de días internacionais relativos ás raíces destes problemas, entre os que destacan os seguintes:

- Día internacional de Solidariedade co Pobo Palestino (29 de novembro)
- Día internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día internacional das Persoas Migrantes (18 de decembro)
- Día internacional da Solidariedade Humana (20 de decembro)
- Día escolar pola Paz e a non violencia (30 de xaneiro)

Serán estas ocasións importantes para rexeitar calquera acción baseada na vinganza, os comportamentos xenófobos e de odio ao diferente, e para apostar pola paz e a xustiza global.”

A outra declaración institucional, tamén asinada polos representantes de todos os Grupos da Corporación, ten o teor literal seguinte:

“Declaración institucional da Deputación da Coruña ao respecto da non violencia no deporte e do asasinato de Francisco Javier Romero Taboada (Jimmy)

O domingo 30 de novembro de 2014, un grupo de seareiros/as deportivistas, dos Riazor Blues e doutros grupos branquiazuis, sufrían un brutal ataque por parte de membros do grupo Frente Atlético.

Froito dese ataque, en que participaban máis de douscentos ultradereitistas armados con obxectos contundentes, diversos seguidores branquiazuis foron agredidos e

“Jimmy”, logo de ter recibido unha brutal malleira, foi guindado ao río Manzanares xunto con outro seareiro e falecía nun hospital da capital madrileña.

A ninguén se lle escapa a nefasta xestión previa a este partido entre o Atlético de Madrid e o Deportivo, pois a pesar de ser coñecido que a afección branquiazul ía desprazarse a Madrid e a pesar de ser coñecida a violencia do Frente Atlético coas afeccións rivais, o partido non foi declarado de alto risco, polo que os efectivos policiais para velar pola seguranza das persoas desprazadas desde A Coruña foi nula. Ao mesmo tempo, xa na zona de Madrid Río, en que se produciu a agresión grupal, e a pesar dos avisos dados pola propia veciñanza, as unidades policiais chegaron con moito atraso, deixando desamparadas as persoas que estaban a ser obxecto de agresións.

O fútbol e o deporte en xeral, que deberían servir para difundir valores positivos e, por suposto, a importancia da práctica do exercicio físico, convértese nunha escusa para que determinadas persoas e colectivos dean canle libre á violencia, e para que algúns grupos criminais se organicen baixo a aparencia de colectivos de afeccionados deportivos.

A Deputación Provincial da Coruña está comprometida co fomento do deporte como actividade enriquecedora do ser humano e da sociedade, e para iso colabora con numerosos clubs de toda a provincia na formación de deportistas e no sostemento de equipos deportivos de categorías profesionais e de base.

Por todo isto, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña:

- Condena a brutal agresión sufrida o 30 de novembro de 2014 pola expedición de seguidores dos Riazor Blues e doutros grupos do Deportivo que acudiron a presenciar o partido disputado entre o Atlético de Madrid e o Deportivo e que rematou coa morte de Francisco Javier Romero Taboada “Jimmy”.
- Rexeita calquera intento de situar no mesmo plano as vítimas e os agresores e condene a impunidade coa que actúan no Estado español grupos de extrema dereita, neste caso o Frente Atlético.
- Expresa o seu rexeitamento total da violencia, e neste caso particular, daquela que se escuda tras as entidades e eventos deportivos para se manifestar.
- Anima as entidades deportivas coas que colabora a difundir e promover entre as persoas que os integran e a súa comunidade os valores deportivos do xogo limpo, do compañeirismo, do respecto e da solidariedade, como xeito de previr e evitar as condutas violentas relacionadas coa práctica e cos eventos deportivos.”

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 12/2015, DO 6 DE NOVIEMBRE.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, nº 12/2015, do 6 de novembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 23901 Á Nº 25800, DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23901 á nº 25800, de 2015.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA SEGUINTE: NÚM. 23139, DO 23 DE OUTUBRO DE 2015, SOBRE CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL E NÚM. 23686, DO 29 DE OUTUBRO DE 2015, SOBRE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL PARA REALIZAR FUNCIÓNS SINALADAS LEGALMENTE COMO DE CONFIANZA E ASESORAMENTO.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Núm. 23139, do 23 de outubro de 2015, sobre cesamento de persoal eventual.

Núm. 23686, do 29 de outubro de 2015, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

4. COMUNICACIÓN DO CAMBIO DE PORTAVOZ DO GRUPO POPULAR DA DEPUTACIÓN

O Pleno toma coñecemento do seguinte:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), dispón que “da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo” legalmente establecido.

Producida a substitución do portavoz do Grupo Provincial Popular pola renuncia á súa condición de deputado do ata agora portavoz, don Diego Calvo Pouso, de acordo co escrito presentado no rexistro xeral o día 20 de novembro de 2015 e asinado por todos os deputados integrantes do grupo,

Doulle conta ao Pleno,

De que o Grupo Popular, integrado polos/as trece deputados/as elixidos/as polo Partido Popular de Galicia, fixo as seguintes designacións:

Portavoz: Carlos Negreira Souto.

Portavoces suplentes: Mariel Padín Fernández e, no seu defecto, calquera deputado/a do Grupo Popular.

5. PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO

Vótase a ratificación da inclusión do punto na orde do día, que é aprobada por unanimidade.

O Pleno, tamén por unanimidade, aproba a seguinte proposición:

“Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre unha sesión ordinaria, como mínimo, cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro correspondería celebrala o día 24 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada nin asegura a aprobación definitiva do orzamento xeral, no caso de que houberse reclamacións contra a súa aprobación inicial, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 4 de agosto de 2015,

Proponlle ao Pleno, logo da ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2015 celebrarase o día 30 de decembro, mércores, a partir das 12.00 horas”.

6. APROBACIÓN DO CONVENIO COA ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de outubro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Academia Galega de Ciencias MEC correspondente á subvención nominativa, por importe de 8000 €, concedida para financiar as

Actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 8000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para financiar as Actividades do ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Miguel Ángel Ríos Fernández, presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten previsto organizar un ciclo de conferencias titulado “A Acuicultura en Galicia hoxe: XVIII Avances en Ciencia e Tecnoloxía” que se desenvolverá en Santiago de Compostela, no mes de novembro, dirixido, principalmente ao persoal das empresas de acuicultura de Galicia, ao persoal investigador, a investigadores en formación, ao alumnado dos últimos cursos de grao e a todo o alumnado universitario en xeral.

Que a Deputación Provincial da Coruña lle concede unha grande importancia á divulgación da ciencia e, máis concretamente das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que vén desenvolvendo dende hai anos este organismo, está interesada en colaborar na organización das ditas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias (CIF Q1568010A) para financiar as Actividades do ano 2015.

Este ano levarase a cabo un ciclo de conferencias titulado “A Acuicultura en Galicia hoxe: XVIII Avances en Ciencia e Tecnoloxía” que constará de dúas partes: unha primeira consistente en cinco conferencias nas que se desenvolverán aspectos básicos relativos ao tema xeral do ciclo para crear un marco no que se desenvolverá a segunda parte, consistente en dúas mesas redondas. O ciclo realizarase de acordo co seguinte:

Conferencias:

Nutrición en peixes e sustentabilidade
Xenómica e acuicultura
Criopreservación de gametos en peixes planos
Tecnoloxía de recirculación en acuicultura
O cultivo de moluscos na encrucillada

Mesas redondas:

Retos para a intensificación da acuicultura
Impacto da acuicultura: ecoloxía e sociedade

II.- Orzamento de gastos da actividade para realizar a entidade beneficiaria

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal directamente adscrito á actividade:

5 conferenciantes	1697 €
6 membros mesas de debate	1728 €
Organización e coordinación	400 €
Apoio administrativo	500 €

Gastos correntes en bens e servizos:

Imprenta	1075 €
Publicidade	1600 €

Gastos xerais:

Desprazamentos	1000 €
Total	8000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 8000 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial debe certificar que existe crédito abondo sobre a que se hai contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

- 1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.
- 2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.
- 3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

- 4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega de Ciencias terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día en cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determina esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou,

no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade exceda de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Para alén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

2.- Logo da solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, tras os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, após dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

7. APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR A XIII EDICIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO NO ANO 2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de outubro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa asociación Academia Galega do Audiovisual correspondente á subvención nominativa, por importe de 15 000 €, concedida para financiar a XIII edición dos Premios Mestre Mateo, cun orzamento subvencionado de 129 900 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a XIII edición dos Premios Mestre Mateo

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Xosé Carlos Ares Pérez, presidente da asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

2.- Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

3.- A asociación Academia Galega do Audiovisual ten entre as súas principais actividades, a organización da gala anual na que se entregan os premios do audiovisual galego, os Premios Mestre Mateo.

4.- Logo de ver a actividade da asociación e continuando coa colaboración iniciada no ano pasado, o Pleno da Corporación, acordou incluír no Orzamento 2015 o crédito

destinado ao financiamento da XIII edición dos Premios Mestre Mateo, polo que coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual (NIF G15844145) para financiar a XIII edición dos Premios Mestre Mateo, co seguinte contido:

- * Lectura de nominados. Anúncianse os nominados nas distintas categorías para darlle maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista.
- * Xuntanza de nominados.
- * Encontros Mestre Mateo. Debate profesional entre os nominados nalgúns categorías, mediante participación nos coloquios organizados co público e cos futuros profesionais.
- * Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo. Nesta gala recoñécense a profesionalidade e a calidade dun sector en auxe en Galicia, que é retransmitida en directo pola TVG.
- * Os Mestre Mateo fóra de Galicia. A Academia Galega do Audiovisual ten un acordo de colaboración dende o 2010 coa Acadèmia del Cinema Català e dende 2012 coa Academia de Cine española.
- * Anuario *Papeis da Academia*. Publicación que recolle o resumo de cada edición dos Premios Mestre Mateo e información xeral do sector: producións, festivais, temas de actualidade.

II.- Orzamento de gastos da actividade para realizar a entidade beneficiaria

A asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

XIII edición dos Premios Mestre Mateo

Guión e música	3882,00 €
Equipo artístico	1296,00 €
Equipo técnico	43 566,00 €
Escenografía	20 533,00 €
Montaxe e sonorizac. Vídeos	2989,00 €
Iluminación e son	13 915,00 €
Plataforma visionado e votación	4047,00 €
Varios produción	8252,00 €

Viaxes, manutención, aloxamentos	7096,00 €
Notaría, seguros e asesoría xurídica	2704,00 €
Gastos xerais	2720 €
<i>Importe</i>	<i>111 000,00 €</i>

Anuario Papeis da Academia

Persoal técnico	11 030,00 €
Gastos de profesionais	555,00 €
Produción	6715,00 €
Gastos xerais	600,00 €
<i>Importe</i>	<i>18 900,00 €</i>

Total gastos 129 900,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15 000 €, o que representa unha porcentaxe do 11,547 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 11,547 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade correspóndelle á asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Academia Galega do Audiovisual.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día en cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Academia Galega do Audiovisual seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Para alén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

2.- Logo da solicitude da asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, tras os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada e logo dos devanditos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asínano por cuadрупicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

8. APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de outubro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital correspondente á subvención nominativa, por importe de 20 000 €, concedida para o Programa de actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 28 980 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o Programa de actividades do ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia números 15671/2015 e 16642/2015, polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área.

Dña. Rocío Hermo Echevarrieta, directora da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Actuando no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital constituíuse na cidade de Madrid o día 22 de xaneiro de 2001 e que fixou a súa sede no lugar de Outeiro, Artes, no Concello de Ribeira.

3.- Que a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital ten por obxecto o desenvolvemento e execución de programas de investigación, estudos, formación, perfeccionamento e cooperación no ámbito da arte en xeral e na arte gráfica en particular.

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- Que a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital é titular dunha gran colección de gravados que ten unha especial importancia, non só no aspecto cultural, tamén no aspecto turístico, debido á súa localización nun concello de gran potencial turístico que ten que completar as súas ofertas de ocio cultural.

6.- Que, consonte ao sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no orzamento para o exercicio do ano 2015 figura unha subvención nominativa para a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, destinada a financiar o Programa de actividades do ano 2015.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital (CIF G15798168) para financiar o Programa de actividades do ano 2015.

II.- Orzamento de gastos da actividade para realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Exposición “Nosoutras y Barbantia IV”

Catálogo	2400,00 €
----------	-----------

Rotulación	480,00 €
------------	----------

Montaxe da exposición	1500,00 €
-----------------------	-----------

Subtotal: 4380,00 €

Exposición “Paola García”

Rotulación	300,00 €
------------	----------

Tríptico	350,00 €
----------	----------

Montaxe da exposición	900,00 €
-----------------------	----------

Subtotal: 1550,00 €

Exposición “ De Flaxman a Picasso”

Tríptico	250,00 €
----------	----------

Rotulación	350,00 €
------------	----------

Montaxe da exposición	800,00 €
-----------------------	----------

Enmarcación	2480,00 €
<i>Subtotal: 3880,00 €</i>	
Exposición “Onde beben os cervos que amansou o calígrafo: Baldo Ramos e Carlos González”	
Tríptico	300,00 €
Rotulación	300,00 €
Montaxe da exposición	850,00 €
<i>Subtotal: 1450,00 €</i>	
Exposición “Entorno Teniers”	
Tríptico	400,00 €
Rotulación	500,00 €
Montaxe da exposición	770,00 €
Enmarcación	2400,00 €
<i>Subtotal: 4070,00 €</i>	
Exposición “Como en casa”	
Tríptico	350,00 €
Rotulación	400,00 €
Montaxe da exposición	900,00 €
<i>Subtotal: 1650,00 €</i>	
Exposición “Historias para ser vistas, imáxenes para ser contadas”	
Tríptico	500,00 €
Rotulación	300,00 €
Montaxe da exposición	850,00 €
Enmarcación	2500,00 €
<i>Subtotal: 4150,00 €</i>	
“VI Premio Atlante”	
Tríptico	200,00 €
Rotulación	350,00 €
Carpetas	250,00 €
Montaxe da exposición	700,00 €
Enmarcación	2600,00 €
<i>Subtotal: 4100,00 €</i>	
Homenaxe a gravadores galegos: Nóvoa	
Tríptico	300 €
Rotulación	300 €

Montaxe exposición	950 €
Enmarcación	2200 €
<i>Subtotal: 3750,00 €</i>	
<i>Total</i>	<i>28 980,00 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20 000 €, o que representa unha porcentaxe do 69,013 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,013 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións superase os 18 000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital deberá solicitarlle polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital na documentación achegada e, se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día en cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Para alén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Logo da solicitude da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e tras

os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos devanditos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

9. APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de novembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Eugenio Granell correspondente á subvención nominativa, por importe de 18 000 €, concedida para financiar as Actividades do ano 2015, cun orzamento subvencionado de 22 500,33 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eugenio Granell para financiar as Actividades do ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Martiño Noriega Sánchez, presidente da Fundación Eugenio Granell.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Eugenio Granell é unha fundación cultural de interese galego, con personalidade xurídica propia, constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día 21 de abril de 1995.

Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, o obxecto da fundación é, entre outros, a creación e mantemento dun Museo Eugenio Granell na cidade de Santiago de Compostela, así como o fomento do estudo e difusión do conxunto da obra de creación de Eugenio Granell.

2.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia lle atribúen ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento, que foi incrementada a través do expediente de modificación de crédito núm. 2/2015 aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de marzo de 2015.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Eugenio Granell (NIF G15520422) para financiar as Actividades do ano 2015, co obxecto de continuar co labor de difusión da obra de Eugenio Granell.

Dentro da programación de actividades de conmemoración do 20º aniversario da Fundación Granell, realizaranse as seguintes exposicións:

- Eugenio Granell y la palabra
- Eugenio Granell: 20 formas de cambiar el mundo

II.- Orzamento de gastos da actividade para realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Eugenio Granell desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos directos: persoal da Fundación implicado directamente nas exposicións obxecto do Convenio

Conservador xefe-visitas guiadas	(9,32% imputado)	2331,25 €
Conservador xefe-comisariado expo.	(74,36% imputado)	1690,91 €
Restauración, conservación e rexistro de obras	(9,32% imputado)	2437,23 €
Montador e vixilante de salas	(22,38% imputado)	5918,02 €
Recepción e atención ás persoas usuarias	(29,83% imputado)	8139,92 €
Total gastos directos		20 517,33 €

Gastos indirectos (9,66% gastos directos)

Limpeza	1600,00 €
Oficina	383,00 €
Total gastos indirectos	1983,00 €

Total gastos 22 500,33 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18 000 €, o que representa unha porcentaxe do 79,998 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,998 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Eugenio Granell obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Eugenio Granell.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Eugenio Granell, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Eugenio Granell deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores- Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Eugenio Granell.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Eugenio Granell unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Eugenio Granell, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

- 1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.
- 2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Eugenio Granell deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Eugenio Granell para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Eugenio Granell da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Eugenio Granell na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Fundación Eugenio Granell terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Eugenio Granell deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin, poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Eugenio Granell destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Eugenio Granell deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Eugenio Granell poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Eugenio Granell queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excede

de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Eugenio Granell seránlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Para alén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Eugenio Granell será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Eugenio Granell, realizada polo dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, tras os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

10. APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL MÚSICA SINFÓNICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA FINANCIAR CONCERTOS DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE NO ANO 2015

O Pleno, por unanimidade acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de novembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago correspondente á subvención nominativa, por importe de 52 000 €, concedida para financiar un Ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 70 100 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar un Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2015

Na Coruña,

REÚNENSE

D. Xosé Regueira Varela, deputado de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico, en virtude das resolucións da Presidencia núm. 15671/2015 e núm. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Fernando Vázquez Arias, presidente da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Ambos os dous actúan no exercicio dos seus repectivos cargos e na representación que ostentan e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que con data 26 de outubro de 2005, e ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, foron aprobados os estatutos da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro cuxo obxecto é a contribución ao desenvolvemento global da comunidade, tanto no eido da cultura, coma nos aspectos sociais que axuden a acadar a mellora na vida da comunidade mediante a organización de todo tipo de actividades que abrangan os ámbitos culturais, entre outros.

Entre estas actividades está a Orquestra Sinfónica de Melide, da que é titular a Asociación.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide co obxectivo de achegarlle a música clásicas ás pequenas poboacións, promover grandes montaxes, apoiar aos artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago (NIF G70010699) para financiar un Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2015 para a realización do programa “Música Lírica”, que constará de tres concertos que se realizarán nos auditorios da provincia da Coruña.

Neste ciclo ofertaranse catro programas que poderán ser escolleitos polos Concellos:

“Sinfónico-Coral”, unha idea de grande elenco na que participarán conxuntamente orquestra sinfónica, coros, solistas vocais, ballet, grupos instrumentais etc..., nun percorrido polas pezas máis emblemáticas do xénero chico.

“Lírico Galego”, un programa dedicado á música lírica feita en Galicia, coa intención de alentar e promover a novas voces galegas.

“Concerto dos solistas Galegos”, unha aposta decidida pola música feita en Galicia dando oportunidade de participaren solistas instrumentais da nosa comunidade.

“Obras sinfónicas galegas e universais”, elaborado coa intención de seguir a cultivar este xénero instrumental sinfónico cunha oferta ampla e variada.

II.- Orzamento de gastos da actividade para realizar a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago

A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de artistas	24 000,00 €
Aluguer de tarimas	8000,00 €
Aluguer atriles, cadeiras etc.	1700,00 €
Gastos de iluminación	9000,00 €
Gastos de transporte	4300,00 €
Gastos de equipo de son	11 000,00 €
Publicidade e fotos	1900,00 €
Material de oficina	600,00 €
Arranxos musicais	4500,00 €
Pagamentos de dereitos de autor	500,00 €
Responsabilidad civil concertos	600,00 €
Fotocopias e encuadernacións	600,00 €
Gravación vídeo e audio para promoción	2000,00 €
Imprenta e deseño gráfico	1400,00 €
Total	70 100,00 €

III.- Financiamento provincial outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 52 000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 74,17%.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,17% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18 000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.
- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2015.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día en cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, e para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá

contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros e, se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago seránlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Para elén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.

2.- Por solicitude da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, tras os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

11. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB ESGRIMA CORUÑA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO PROXECTO “ESGRIMA CONECTA”

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 28 de outubro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Club Esgrima Coruña correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 18 000 €, para financiar a realización do proxecto “Esgrima Conecta” cun orzamento subvencionado de 23 675 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización do proxecto “ Esgrima Conecta”

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Juan Ricardo López Borrazás, presidente do Club Esgrima Coruña.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Esgrima Coruña é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Esgrima Coruña (CIF G15224751) para financiar a realización do proxecto “Esgrima conecta”.

II. Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O Club Esgrima Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal	8500,00 €
Equipamento (camisetas, parches, equipacións etc)	10 900,00 €
Anuncios prensa y radio	575,00 €
Licencias deportivas – seguro	3000,00 €
Marketing y visibilidad (pancartas, velas, cartelería)	400,00 €
Gastos xestión administrativa	300,00 €
Total	23 675,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18 000 €, o que representa unha porcentaxe do 76,03 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,03 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos), acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputábel á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Esgrima Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin ao Club Esgrima Coruña nin a calquera outra na que concorran algunha

das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase os 18 000 euros, con carácter previo á contratación, o Club Esgrima Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o Club Esgrima Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Esgrima Coruña.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Esgrima Coruña unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Esgrima Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título “Fondos para atender a actividade Proxecto esgrima conecta”. Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 15 de maio de 2016.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Esgrima Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Esgrima Coruña para que a presente no prazo improrrogábel de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club Esgrima Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Esgrima Coruña na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Club Esgrima Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Esgrima Coruña deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse, mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O Club Esgrima Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Esgrima Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Esgrima Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Para alén diso, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Esgrima Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que será de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Esgrima Coruña seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Esgrima Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.
2. Por solicitude do Club Esgrima Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e após os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Club Esgrima Coruña.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

12. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB ASOCIACIÓN DE ANTIGUOS ALUMNOS COLEGIO SANTO DOMINGO PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA LIGA NACIONAL DE HÓCKEY SOBRE PATÍNS NO ANO 2015

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 6 de novembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Club Asociación de Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30 000€, para financiar a participación na liga nacional de Hóckey sobre patíns no ano 2015 cun orzamento subvencionado de 37 500 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio 2016, autorice o correspondente orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Asociación de Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a participación na liga nacional de Hóckey sobre patíns no ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia números 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Carlos García-Raposo Sánchez, presidente do Club Asociación de Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que o Club Asociación de Antiguos Alumnos Colegio Santo Domingo é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo (CIF G15421217) para financiar a participación na liga nacional de Hóckey sobre patíns no ano 2015.

II. Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Arrendamentos de instalacións deportivas	1 000,00 €
Material deportivo (sticks, bólas, camisetas, pantalóns, caneleiras etc.)	12 000,00 €
Arbitraxes	3100,00 €
Desprazamentos	17 000,00 €
Retribucións equipo nacional	4400,00 €
Total	37 500,00

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30 000 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin con o Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase 18 000 euros, con carácter previo á contratación, o Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo

Domingo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sin IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. A entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria con título “a participación na liga nacional de Hóckey sobre patíns no ano 2015”. Con cargo á dita conta, deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitírselle á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Asociación de AntigosA Colegio Santo Domingo para que a presente no prazo improrrogábel de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo seránlle remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2016 autorice o correspondente orzamento.
2. Por solicitude da Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada e após os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e pola Asociación de Antigos Alumnos Colegio Santo Domingo.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL PARA FINANCIAR O PROXECTO “DINAMIZACIÓN COMERCIAL COMPOSTELA MONUMENTAL”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse, no presente expediente, razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL con CIF G15382468 para financiar o proxecto “Dinamización comercial Compostela Monumental”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 41.250,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 72,37 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431.4/481.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario.

O texto do convenio é o seguinte:

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. José Manuel Bello Rey, con DNI núm. 76347531C, en representación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL consideran de grande interese para a provincia reforzar o posicionamento da provincia da Coruña como destino turístico-comercial, por ser a cidade de Santiago de Compostela e, máis en concreto a súa zona histórica, un importante reclamo turístico e punto de referencia a nivel mundial, xa que é o destino final do Camiño de Santiago.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, CIF G15382468, para o financiamento do proxecto “Dinamización comercial Compostela Monumental”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Campañas comerciais		15.000,00 €
Publicidade en medios de comunicación		
Dinamización de rúa		6.000,00 €
V Xornadas de Patrimonio	1.500,00 €	
Mercadiño de Antigüidades	1.000,00 €	
Escaparate Monumental Caeiro	2.000,00 €	
Chocolatada con Churros e Papá Noel	1.500,00 €	
Repartimento a domicilio		14.000,00 €
Sinalización comercial		8.000,00 €
Bolsas comerciais	5.000,00 €	
Papel de agasallo	3.000,00 €	
IX Congreso do Comercio		14.000,00 €
Custes persoal encargado do congreso	10.545,18 €	
Material Congreso	3.454,82 €	
TOTAL		57.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 41.250,00 €, o que representa unha porcentaxe do 72,37%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,37% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o

orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar entre o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015 e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL na

documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL poderá ser

escolida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL serán remitidas á Intervención

xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de xaneiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS E PROFESIONAIS CCA COMPOSTELA MONUMENTAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN
DE _____ COMERCIANTES,
EMPRESARIOS _____ E
PROFESIONAIS _____ CCA
COMPOSTELA MONUMENTAL

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FUNDACIÓN RENDEMENTOS ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) PARA FINANCIAR O PROXECTO “II CONGRESO DE SOSTIBILIDADE SOCIAL E ECONÓMICA DO SECTOR PESQUEIRO”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Compostela Aberta)

Votan contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Compostela Aberta e a abstención de Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no

presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) con CIF G70357173 para financiar o proxecto “II Congreso de Sostibilidade Social e Económica do Sector Pesqueiro”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 74,626 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/415A/481.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Severino Ares Lago, con DNI núm. 32436502Q, en representación da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) consideran de grande interese para a provincia a realización do Congreso, xa que se conseguiu reunir na Coruña a aquelas persoas máis representativas do ámbito da pesca a nivel galego, nacional e internacional e que todas tivesen un peso específico nas directrices e no comportamento do sector.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS)**, CIF G70357173, para o financiamento do “// Congreso de Sostibilidade Social e Económica do Sector Pesqueiro”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
ALUGUERES E LUGAR DE CELEBRACIÓN		9.734,40 €
Aluguer de espazo + Audiovisuais	4.356,00 €	
Servizo de azafatas e seguridade	3.394,20 €	
Servizo de azafatas e seguridade	1.984,20 €	
ORGANIZACIÓN		10.984,09 €
Xestión do Congreso	2.323,20 €	
Plan de Comunicación	3.394,20 €	
Realización vídeo e fotografía	859,58 €	
Impresión carteis e publicidade	3.717,12 €	
Carpetas	689,99 €	
OUTROS GASTOS		5.961,51 €
Desprazamentos – Viaxes	1.005,56 €	
Desprazamentos – Viaxes	90,06 €	
Desprazamentos	528,00 €	
Publicidade	944,45 €	
Materiais e outros	2.090,88 €	
Materiais e outros	1.302,56 €	
TOTAL		26.680,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 74,962%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,962% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/415/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA tiveron lugar os días 4 e 5 de novembro de 2014.

2. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá presentar a xustificación documental DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL

(FREMSS) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados os días 4 e 5 de novembro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) non poida ter presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN RENDEMENTO ECONÓMICO MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL (FREMSS), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FUNDACIÓN
RENDEMENTO ECONÓMICO
MÍNIMO SOSTIBLE E SOCIAL
(FREMSS)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO PARA FINANCIAR O PROXECTO “XVIII SALÓN DO CABALO. EQUIOCIO 2015”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica)

Votan contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO con CIF G15783483 para financiar o “XVIII Salón do Cabalo. Equiocio 2015”.

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 39,187 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/341.1/481.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio presupostario

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona María Jesús Gómez Deaño, con DNI núm. 32544643B, en representación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO consideran de grande interese para a provincia promocionar un evento de carácter multidisciplinar que xira en torno ao mundo do cabalo, aglutina varias disciplinas de gran arraigo e desenvolve un concurso hípico nacional que fomenta o deporte, cultura e ocio, cun gran número de visitantes, número que se incrementa ao falar da achega ao turismo da comarca en Semana Santa.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO, CIF G15783483, para o financiamento das “XVIII Salón do Cabalo. Equiocio 2015”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	58.495,00 €
PREMIOS, TROFEOS E ESPECTÁCULOS	25.900,00 €
PERSOAL E SERVIZOS	50.500,00 €
XUÍCES	3.500,00 €
SECRETARÍA E PRODUCIÓN GRÁFICAS	16.400,00 €
GASTOS VARIOS	16.735,00 €
FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL	7.100,00 €
TOTAL	178.630,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 39,187%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 39,187% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como

xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas, polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO deberá contar, polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CLUBE DEPORTIVO EQUIOCIO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO “

O representante do CLUBE
DEPORTIVO EQUIOCIO

16.-APROBACIÓN INICIAL DA QUINTA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2015 do proxecto da obra que máis abaixo se relaciona, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de outubro do 2012 (BOP número 217 do 14 de novembro do 2012).

1.- Aprobar inicialmente a quinta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO
2015.1130.0010.0	Melloras na estrada DP 1901 de Carballo a Sísamo (Fase I), PK 0,000 ao 0,310	Carballo	418.420,00
		TOTAL	418.420,00

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Remitir un exemplar do citado proxecto ao concello correspondente no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”

17.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, TERCEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2015, terceira fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1110.0005.0	Pavimentación e mellora na DP 2205, Santo André de Teixido á Pedra; PK 1,600 ao 14,000 (Cariño e Cedeira)	Cariño e Cedeira	835.454,62

15.1110.0006.0	Ampliación da plataforma e mellora da capa de rodadura na DP 3401, acceso a Berdeogas, PK 0,000 ao 1,400 (Dumbría)	Dumbría	232.013,00
15.1110.0007.0	Ensanche e pavimentación con mestura asfáltica en quente na DP 1802, Veiga de Cabana a As Pontes, PK 10,500 ao 11,500 (As Pontes)	As Pontes	165.476,53
TOTAL			1.232.944,15

O financiamento destes proxectos realizarase con cargo á partida 0410/4531/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorreu o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

18.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, CUARTA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2015, cuarta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPUESTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1100.0039.0	Mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 3301, Rianxo a Bexo por Isorna, PK 0,000 ao 5,400 (Rianxo)	446.396,15
15.1100.0040.0	Mellora da capa de rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 2904, Coristanco a Santa Comba, PK 15,800 ao 20,240 (Santa Comba)	406.680,62
TOTAL		853.076,77

O financiamento destes proxectos realizarase con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as

actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe”

19.-INICIO DE EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á FUNDACIÓN MENIÑOS DUN LOCAL DE 325,80 M² NO EDIFICIO DA MILAGROSA, 2ª PLANTA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE APOIO Á FAMILIA E A INFANCIA CON CARÁCTER GRATUÍTO E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO ONDE SE CONCRETAN AS CONDICIÓNS DE CESIÓN DE USO Á FUNDACIÓN MENIÑOS, CONDICIONADO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CESIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º) Iniciar expediente de cesión de uso á Fundación Meniños dun local de 325,80 m² no edificio da Milagrosa, 2ª planta, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto.

- REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DO PREDIO COMPRADO Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PUBLICA DO 28 DE XULLO DE 1888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEVEZA GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O SOAR, CONSTRUÍU A DEPUTACION ÁS SÚAS EXPENSAS.

- DESTINO: CESION Á FUNDACION MENIÑOS

2ª) Aprobar o texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso á FUNDACION MENIÑOS, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

3º) Someter o expediente para información pública polo prazo de 15 días, mediante anuncio que se ha publicar no BOP, para ouvir reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

4º) Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

5º) Unha vez cumprido o trámite ao que se refire o apartado 4º será sometido novamente o expediente á súa aprobación definitiva polo Pleno.

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A CESIÓN DE USO DUN LOCAL NO EDIFICIO A MILAGROSA

A Coruña , de outubro de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, D. José Luis Almau Supervía

e

Doutra Doa Mónica Permuy López con NIF 32.647.378-Z, representante da FUNDACIÓN MENIÑOS (CIF G-15551120), designada como tal na reunión do Padroado da Fundación do 17 de xuño de 2006, segundo consta en escritura de elevación a públicos de acordos, outorgada ante o notario D. José Manuel Lois Puente, o 13 de setembro de 2006, número de protocolo 2.708/2006

EXPOÑEN

Primeiro.- A Fundación Meniños é unha Fundación de carácter privado, sen ánimo de lucro e de natureza permanente.

A Fundación Meniños foi constituída en escritura autorizada polo notario de Betanzos, don León-Miguel López Rodríguez, o día 8 de marzo de 1996, co número 710 de protocolo, e declarada benéfico asistencial por Resolución da Consellería da Presidencia e Administración da Xunta de Galicia do 1 de abril de 1996 (publicada no Diario Oficial de Galicia do 16 de abril de 1996) e declarada de interese galego por Resolución da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia do 17 de abril de 1996 (Diario Oficial de Galicia do 22 de abril), constando debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia co número 1996/2.

Segundo.- A Fundación Meniños ten por obxecto (artigo 5.1 dos Estatutos) a protección da infancia de acordo co disposto na lexislación estatal e naquelas autonómicas que correspondan e os principios recollidos na Convención dos Dereitos do Neno e demais normas aplicables, procurando e defendendo unha vida socio-familiar digna para a infancia, especialmente para os menores máis desfavorecidos por mor de inxustizas estruturais e persoais.

O que antes era MENIÑOS, Fundación para a Infancia, é agora a Fundación Meniños por modificación do cambio de denominación, en virtude de acordo do Padroado elevado a público en escritura autorizada polo notario da Coruña, D. Víctor Peón Rama o día 10 de marzo de 2008, co número 470 de protocolo, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia.

Terceiro.- Para cumprir con este fin, a Fundación Meniños promoverá as seguintes actividades (artigo 5.2 dos Estatutos):

- a) Facilitar a integración socio-familiar dos menores en situación de desamparo.
- b) Colaborar na eliminación ou diminución de situacións de risco que afecten á infancia e ás súas familias.
- c) Impulsar programas de estudo e formación permanente e reciclaxe de profesionais, procedendo mesmo á edición en calquera soporte e difusión por calquera canle de materiais e eventos de formación.
- d) Promover programas de información e sensibilización social en favor dos dereitos da infancia.
- e) Intervir, como institución colaboradora de integración familiar, nos casos legalmente previstos.
- f) Cooperar con organizacións de defensa e atención aos dereitos e necesidades da infancia dentro e fóra de España.
- g) Calquera outras actividades ou prestacións relacionadas co obxecto fundacional.

Cuarto.- Coa fin de colaborar con entidades de iniciativa social dedicadas a desenvolver programas e actividades do sector da familia e infancia, a Deputación Provincial da Coruña en sesión plenaria celebrada o 25 de novembro de 2004 (BOP nº 283 do 10 de decembro de 2004) aprobou inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio d´A Milagrosa.

En sesión plenaria ordinaria celebrada o 24 de febreiro de 2005 aprobouse definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio e A Milagrosa.

Quinto.- Local do edificio “A Milagrosa” que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro cunha superficie de 325,80 m².

A Deputación da Coruña conta cun local no edificio da Milagrosa que xa está desafectado para a súa cesión de uso a entidades sen ánimo de lucro, cunha superficie de 325,8 m² cun adecuado estado de conservación para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia, infancia con carácter gratuíto.

Mediante acordo plenario do 24-2-2005 aprobouse o expediente de desafección parcial do edificio da Milagrosa cunha superficie de 325,80 m² quedando cualificada como ben patrimonial.

- MUNICIPIO: A Coruña.

- SITUACIÓN DO INMOBLE: Avda. de Cádiz, 5 - 15008 A Coruña

Sendo a superficie do local de 325,80 m², na planta segunda, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia con carácter gratuíto

- REFERENCIA CATASTRAL: 7899201NH4979N0001FD

- ADQUISICIÓN: É PARTE DO PREDIO COMPRADO Á FAMILIA PUGA, POR ESCRITURA PÚBLICA DO 28 DE XULLO DE 1888 OUTORGADA POR D. MANUEL DEvesa GAGO, RECTIFICADA POR OUTRA DO 10 DE MAIO 1889. SOBRE O SOAR, CONSTRUIU A DEPUTACION ÁS SÚAS EXPENSAS.

- REXISTRO: non consta

Sexto.- A Deputación recoñece a importancia dos citados fins para os intereses provinciais e considera oportuno contribuír á súa consecución mediante a cesión de uso do local.

Por todo o exposto, acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Meniños a usar con carácter gratuíto os espazos situados na planta 2ª do Colexio da Milagrosa e cunha superficie de 325,80 m² útiles, para o desenvolvemento de actividades de apoio á familia e a infancia, con carácter gratuíto.

Os bens obxecto de cesión de uso valóranse, para os efectos de alugueiro, nun prezo de 6,22 €/m² mes, o que resulta en 97.270,84 euros para os catro anos da cesión (a razón de 2.026,48 euros ao mes), de acordo coa taxación realizada polo Servizo de Arquitectura da Deputación da Coruña, aínda que o cesionario non terá que aboar o devandito importe.

Segunda.- OBRIGACIÓNS DO CESIONARIO

- Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaraos a Fundación Meniños exclusivamente para as fins indicadas. Para estes efectos, a Fundación quedará obrigada a presentar anualmente (durante o primeiro trimestre de cada ano) unha memoria explicativa dos plans, programas e actividades desenvolvidas pola entidade no ámbito da provincia.
- A publicidade da Deputación debe aparecer resaltada en todos os documentos e dípticos, explicitándose a cesión dos locais á Fundación. Nunha parte principal da páxina web debe indicarse, xunto ao logotipo da Deputación, a cesión dos locais. Así mesmo, en todos os actos que celebre a Fundación ou que se realicen no inmovble cuxo uso se autoriza, farase constar a colaboración entre ambas as dúas institucións.
- Do Programa de Integración Familiar que Meniños desenvolve na provincia, cederá 2 prazas á Deputación, ao dispor do Fogar Infantil Emilio Romay (F.I.E.R.), para traballar a integración familiar. As devanditas prazas serán xestionadas polo F.I.E.R. e para iso redactarase un programa de mutuo acordo entre Meniños e o F.I.E.R. para a súa xestión.
- A Fundación comprométese a manter adecuadamente os espazos que utilice, polo que non poderá realizar obras sen a autorización da Deputación.
- En tanto estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica e aqueloutros que se deriven do uso dos locais correrán por conta da Fundación Meniños, cos correspondentes contadores individuais.
- O Servizo de Patrimonio, por si ou a través doutros servizos Ttécnicos da Deputación (Servizos Sociais, Arquitectura e Mantemento, etc) poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovble e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

- O pago do IBI do inmovible será por conta da Fundación Meniños

Terceira.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

O prazo de cesión de uso do local será de catro anos, como máximo, contados desde o 26 de outubro de 2015. Non obstante a Deputación, en calquera momento e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de 3 meses, e sen que por este motivo teña dereito a Fundación Meniños a ningunha indemnización, polo que deberá devolver os bens en perfecto estado de conservación.

Cuarta.- CAUSAS DE REVERSIÓN

Serán causas de reversión automaticamente da cesión de uso:

- 1) O cumprimento do prazo de cesión.
- 2) O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no presente convenio e, en especial, as seguintes:

- . Deixar de respectar as actividades que constitúen o obxecto da cesión.
- . Prestar inadecuadamente tales actividades.
- . O incumprimento pola entidade cesionaria da normativa reguladora dos servizos sociais, sanitarios, laborais e seguridade social, prevención de riscos laborais e calquera outra normativa aplicable.
- . A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
- . O incumprimento pola entidade cesionaria do deber de conservación do inmovible.

A finalización do presente convenio por calquera destas causas produciría a reversión do local coas súas eventuais melloras e accesorios, quedando extinguido automaticamente o dereito de ocupación dos anteriores bens outorgados á Fundación por medio do presente convenio.

A Deputación provincial non asumirá en ningún caso os contratos de traballo que levara a cabo a Fundación para o cumprimento dos seus fins, sen que por tanto, se poida entender que a reversión implique a sucesión de empresa prevista na lexislación.

Quinta.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver as cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN
MENIÑOS

Valentín González Formoso

Mónica Permuy López"

20.-APROBACIÓN DOS NOVOS PREGOS TIPO DE OBRAS ADAPTADOS ÁS MODIFICACIÓNS DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011 DO 14 DE NOVIEMBRE POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, E MODIFICACIÓNS DO REGULAMENTO XERAL DA LEI DE CONTRATOS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, APROBADO POLO REAL DECRETO 1098/2001, DO 12 DE OUTUBRO:

INTERVENCIONS

Sr. Sacristán de Diego

Solicito deixar o punto número vinte sobre a mesa para mellor estudo.

Vótase que o punto 20 quede sobre a mesa e apróbase por unanimidade deixar este punto sobre a mesa para mellor estudo.

21. APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 1ª FASE, APARTADO CONVENIOS

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 8 de outubro de 2015 e cuxo texto íntegro se publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 196 do 14 de outubro de 2015. Despois de ver as solicitudes presentadas no apartado PAS Convenios por algúns Concellos da provincia:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención e entender que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.
2. Aprobar a 1ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, que lle afecta ao apartado de convenios, cuxo resumo de cifras globais de financiamento é o que se indica e cuxa relación de actuacións figura no Anexo I deste acordo:

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 1ª FASE (apartado convenios) - 6 obras			
APARTADO	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
PAS-CONVENIOS	1 258 547,40 €	1 186 314,37 €	2 444 861,77 €

O Plan finánciase con cargo ás partidas do vixente orzamento provincial que se indican a continuación:

PARTIDA	IMPORTE
0430 1532 76201	90 075,45 €
0430 337 76201	181 115,63 €
0430 4311 76201	103 999,33 €
0430 4314 76201	502 398,23 €
0430 4532 76201	278 281,56 €
0430 4541 76201	102 677,2 €
TOTAL	1 258 547,40 €

3. Aprobar os proxectos técnicos das obras e os pregos das subministracións incluídos nesta fase do Plan. No entanto, a aprobación definitiva dos investimentos que no Anexo I teñen indicada unha condición suspensiva queda condicionada ao seu cumprimento, segundo se detalla no citado Anexo.
4. A contratación e a execución dos investimentos e o pagamento da achega provincial realizarase segundo o previsto nas bases reguladoras do Plan.
5. Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas e proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentase ningunha alegación.
6. Remitirlle o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, pódendose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe.”

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

1ª FASE DO PAS - CONVENIOS

ANEXO I: obras e subministracións

Concello	Código	Código SUBTEL	Denominación	Deputación	Concello	Total	CONDICIÓN
ARANGA (admón contratante) / IRIXOA	15.3110.0401.0		CARRET. PONTE ARANGA A LOUSADA PARR. ARANGA,VERIS	278.281,56	0,00	278.281,56	
			TOTAL	278.281,56	0,00	278.281,56	
BETANZOS	15.3110.0402.0		MELLORA E ADECUACIÓN DE INFRAESTRUTURAS URBANAS	90.075,45	22.518,86	112.594,31	
			TOTAL	90.075,45	22.518,86	112.594,31	
MELIDE	15.3110.0403.0		ADECUAC.INTERIOR PLANTA 1 CENTR SOC.CULTURAL MELIDE	181.115,63	45.278,91	226.394,54	
			TOTAL	181.115,63	45.278,91	226.394,54	
MOECHE	15.3110.0404.0		SUBT CUBERTA NAVE GANDO CAMPO FEIRA S RAMÓN	103.999,33	25.999,83	129.999,16	
			TOTAL	103.999,33	25.999,83	129.999,16	
MONFERO	15.3110.0405.0		CAPA RODAD CM ALTOXESTOSO,VALXESTOSO, S,UXIA, S.FIZ	102.677,20	0,00	102.677,20	Ratificación da solicitude polo pleno do concello
			TOTAL	102.677,20	0,00	102.677,20	
PONTEDEUME	15.3110.0406.0		REHAB E AMPLIACIÓN MERCADO MPAL PONTEDEUME	502.398,23	1.092.516,77	1.594.915,00	Acreditación da total dispoñibilidade dos terreos
			TOTAL	502.398,23	1.092.516,77	1.594.915,00	
TOTAL OBRAS				1.258.547,40	1.186.314,37	2.444.861,77	

22. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME”, QUE SE FINANCIA A TRAVÉS DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, que se financia a través do Plan de Acción Social (PAS) 2015, cuxo texto se xunta a este acordo, e cuxos datos de financiamento, desagregados por anualidades e administracións cofinanciadoras, son os seguintes:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PAS CONVENIOS 2015)	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	381 638 €	502 398,23 €	158 279,99 €	1 042 316,22 €
2017	150 000 €	0 €	402 598,78 €	552 598,78 €
TOTAL	531 638 €	502 398,23 €	560 878,77 €	1 594 915 €

O financiamento da achega provincial a este convenio realízase no marco do PAS 2015 con cargo á partida 0430/4314/76201 do vixente orzamento provincial.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada a que o Concello de Pontedeume acredite a total dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume

Santiago de Compostela, ----- de ----- de 2015, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Don Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 124/2015, do 4 de outubro e actuando no exercicio do seu cargo e das competencias que lle confiren o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007 de 28 de marzo e 12/2007 de 27 de xullo e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo do 1991, feito público mediante resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril de 1991).

Dona María Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da dita Corporación, por delegación do seu presidente D. Valentín González Formoso, realizada mediante resolución da Presidencia núm. 16642 do 30 de xullo de 2015, en relación co art. 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Don Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente do Concello de Pontedeume, que actúa en nome e representación do dito Concello e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no art. 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, así como o establecido no acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 5 de novembro de 2015, no punto 2. PAS convenios 2015, obra rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume.

As partes, na representación que ostentan teñen capacidade legal para asinar este convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Á Consellería de Economía, Emprego e Industria (en diante, Consellería) correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior e, concretamente, a Dirección Xeral de Comercio ten atribuídas, entre outras funcións, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, nos termos recollidos no Decreto 110/2013, do 4 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 140, do 24 de xullo de 2013), modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro (DOG núm. 34, do 19 de febreiro de 2014).

A Consellería, centrada na tarefa de acadar a reactivación da economía galega, conta co tecido comercial como un dos colaboradores principais e necesarios. O comercio dinamiza a economía ao tempo que actúa como unha rede capaz de vertebrar o progreso de toda a comunidade. Neste escenario é preciso incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, así como adaptar os establecementos ás necesidades das persoas usuarias e que o consumidor alcance o servizo desexado.

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio e así se considera no programa de obxectivos da Dirección Xeral de Comercio que, no seu conxunto, pretende contribuír a construír un sector comercial galego máis competitivo e dinámico. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos Concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e así o considera a Consellería, que persegue, entre outras finalidades, fomentar a cooperación e coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados, implicados no sector comercial de venda polo miúdo; e moi especialmente os mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial con capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, da horta e da gandeiría.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencial da Consellería. Con tal finalidade, a Consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal.

O proxecto de orzamentos de gastos da Consellería para o ano 2016 inclúe unha aplicación de asignación nominativa a favor do Concello de Pontedeume, aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015 00275, de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

SEGUNDO. A Deputación Provincial da Coruña (en diante, Deputación) é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

No ámbito da Administración local, o papel das Deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os Concellos a adaptárense a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitaren que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. A Deputación considera de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, nomeadamente a dedicada ao pequeno comercio ofrecendo aos clientes un amplo abano de vantaxes.

TERCEIRO. O Concello de Pontedeume (en adiante, Concello) dispón do pleno dominio da praza de abastos, que ten grande importancia para o municipio como espazo dedicado á prestación dun servizo público, co obxectivo de que o inmóbel se manteña destinado ao uso que lle é propio, e que se adapte aos novos condicionantes do mercado que fagan posíbel a modernización das súas instalacións, a dotación de determinados espazos dos que carece e a reorganización das súas funcións internas.

A confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta do proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume, coa finalidade de acadar a mellora deste equipamento comercial co máximo rendemento dos recursos empregados e, en consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é a realización e financiamento da “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, cun orzamento máximo dun millón cincocentos noventa e catro mil novecentos quince euros (1 594 915,00 €) IVE incluído, cuxo proxecto se xunta como Anexo.

SEGUNDA. ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E ANUALIDADES

A Consellería, a Deputación e o Concello comprométense a financiar o mencionado proxecto coa seguinte distribución porcentual:

- A Consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015.00275 “Equipamentos comerciais municipais. Rede galega de mercados e prazas de abastos”, modalidade de financiamento 1010 polo importe 531 638,00 euros, IVE incluído, que representa o 33,33 %.

Independentemente de que o crédito consignado nesta aplicación orzamentaria para a anualidade 2016 e da asignación nominativa, a anualidade prevista para o ano 2017, de conformidade co disposto polo artigo 26.2 da Lei de subvencións de Galicia, o crédito plurianual previsto no convenio terá a consideración de subvención directa.

A Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro de 1998), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro de 2000) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro de 2001), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 19 de outubro de 2015.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, existe na aplicación 2016.09.30.751A.761.4 unha partida

orxamentaria consignada pola contía de 381 638,00 euros, para atender o financiamento da “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”.

- A Deputación, con cargo á aplicación orxamentaria 0430/4314/76201 achegará un total de 502 398,23 euros, IVE incluído, que representa o 31,50 %.
- O Concello, con cargo á aplicación orxamentaria correspondente achegará un total de 560 878,77 euros, IVE incluído, que representa o 35,17 %.

Ao aplicar a distribución porcentual recollida nos parágrafos anteriores resulta a distribución por anualidades e cantidades seguintes:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	381 638,00 €	502 398,23 €	158 279,99 €	1 042 316,22 €
2017	150 000,00 €	0,00 €	402 598,78 €	552 598,78 €
TOTAL	531 638,00 €	502. 398,23 €	560 878,77 €	1 594 915,00 €

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa de cada unha das administracións que interveñen e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orxamentario nos respectivos orxamentos.

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual, en virtude do establecido pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello das Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscripción deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orxamentario de Galicia.

Unha vez efectuada a licitación das obras, a baixa de adxudicación, no caso de producirse, será repercutida proporcionalmente nas achegas da Deputación, da Consellería e do Concello.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación establecida na cláusula correspondente. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da citada Lei 9/2007.
- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Ao amparo do presente convenio consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións recollidas no proxecto anexo a este convenio.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

1. Concello, para poder obter a condición de beneficiario no presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:
 - Acreditar a dispoñibilidade dos inmobles e vías nos que está previsto realizar os investimentos.
 - Presentar declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
2. Concello quedará en todo caso suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas e, en especial, ás seguintes:
 - Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención e coa suxeición os procedementos de contratación previstos no R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
 - Xustificar no tempo e forma que correspondan, diante da Consellería e da Deputación, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da súa finalidade.
 - Someterse ás actuacións de comprobación da Consellería e da Deputación, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
 - Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, na que debe constar que están subvencionadas pola Consellería e pola Deputación.
 - Reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
 - Dar consentimento expreso para a inclusión dos datos relevantes do convenio nos rexistros públicos de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2006 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
 - Comunicarlles por escrito á Consellería e á Deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a súa obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
 - Comunicarlles á Consellería e a Deputación o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que lle afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
 - Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a súa vinculación á actividade que motivou a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.
 - Adoptar as medidas necesarias para acadar a excelencia do mercado municipal de Pontedeume, unha vez realizadas as obras de rehabilitación e ampliación recollidas no obxecto deste convenio, garantindo a actualización das ordenanzas reguladoras, a adopción de mecanismos de control de limpeza, seguridade, horarios, actividade e información ao cliente, así como a posta en marcha de accións que xeren valor engadido no mercado a través de espazos multifuncionais e actividades para a súa dinamización.
3. Adicionalmente ás anteriores, e na parte correspondente á achega da Deputación provincial da Coruña, o Concello quedará en todo caso suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polas Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP da Coruña núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. Respecto da xustificación e pagamento, no que atinxe á Consellería teranse en conta as seguintes especificacións:

1.1. A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para cadansúa anualidade 2016 e 2017 e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.

Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior, sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observárase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. O Concello estará obrigado a xustificar diante da Consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

1.3. A conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola secretaría do Concello, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se fagan constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- e) O expediente de contratación tramitado polo Concello respecto do investimento obxecto de subvención.

1.4. Condicións de pagamento:

- As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pagamento, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.
- A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que emitirá certificación acreditativa de cumprimento das actuacións subvencionadas.
- As achegas da Consellería minorarase porcentualmente no caso de que non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto ou de resultar a concorrencia con outras axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.
- Os pagamentos correspondentes á Consellería serán realizados ao Concello, unha vez presentada a correspondente xustificación, e aprobada polo órgano competente da Xunta de Galicia.
- A Consellería reserva o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

1.5. Comprobación material: segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas tres administracións que interveñen neste convenio, sen prexuízo de que dita comprobación material se lle poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

- 2. Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á Deputación teranse en conta as especificacións contidas nas Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP da Coruña núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

SEXTA. RESPONSABILIDADE NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Polo que se refire á contratación das actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo, os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.
2. A contratación das obras ou equipamentos faraa o Concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.
3. Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o Concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento, ao seren susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

A axuda concedida será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso minorarase a subvención tanto da Consellería como da Deputación.

OITAVA. PUBLICIDADE

O Concello presta o seu consentimento á consellería e á Deputación para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma na que determine o órgano competente.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO PROXECTO

1. O Concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado e, no seu caso, coa correspondente modificación do contrato de obras nos termos establecidos polo R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería e mais pola Deputación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respectando o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas e se realicen no prazo fixado neste convenio.
3. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade a súa sinatura.

DÉCIMA. VIXENCIA

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 30 de decembro de 2017, sen que se prevexa a posibilidade da súa prórroga.

DÉCIMA PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dous representantes do Concello, por dous representantes da Deputación e por dous representantes da Consellería. Constituirase a petición de calquera das partes.

Son funcións desta comisión velar polo cumprimento do convenio e adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

A todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión seralle de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMA SEGUNDA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

En todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á minoración da subvención establecida na cláusula segunda deste convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das prescricións contidas neste convenio, o que se comunicará, por quen o invoque, fidedignamente, logo de lle dar audiencia ás partes.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.

DÉCIMA TERCEIRA. INCUMPRIMENTO TOTAL E PARCIAL DO CONVENIO

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio da Consellería e mais a Deputación poderán apreciar un incumprimento parcial e deberán resolver sobre o seu alcance, mediante a aplicación da mesma ponderación que tivese a condición de incumplida no convenio e, se e o caso, establecer a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65 % do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de mora.

A entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu Regulamento.

DÉCIMA CUARTA. RELACIÓNS CON TERCEIROS

A subscripción do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia e a Deputación, de tal xeito que estas quedarán exentas de calquera responsabilidade -nin directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento delas.

DÉCIMA QUINTA. INFORMACIÓN

Para efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración das obras, instalarase en lugar ben visible desde a vía pública, un cartel publicitario das dimensións suficientes, no que constarán as características da obra e o grao de

participación nela das administracións asinantes deste convenio e os seus respectivos logotipos.

De igual xeito, as partes comprométense a reflectir en calquera difusión pública que se realice das obras a participación das administracións públicas ou órganos administrativos que interviñeron nela, incluso no caso de que dita difusión se leve a efecto con posterioridade á finalización dos traballos, debendo remitirse copias ao outro asinante.

A colaboración financeira das administracións asinantes deste convenio deberá quedar expresamente reseñada nun lugar visible, de forma permanente, do acceso á actuación no momento da inauguración e/ou recepción.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e tamén pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndenlle á Consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como a resolución das dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados e impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SÉTIMA. REMISIÓN NORMATIVA

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG núm. 136, do 14 de xullo).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).
- Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no BOP da Coruña núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

Así mesmo, rexeráse pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polos principios da Lei de contratos do sector público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e ao sometemento de ambas as tres partes ao acordado en todas as estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.”

23. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REXENERACIÓN DE PISTAS EN DEVESOS E CUIÑA”, DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0145.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Ortigueira un proxecto modificado desta obra, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm.177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Rexeneración de pistas en Devesos e Cuíña”, do Concello de Ortigueira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0145.0, cos datos que se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total nin cambio da finalidade e do obxecto da obra, hai un cambio de trazado con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2100.0145.0	Ortigueira	Rexeneración de pistas en Devesos e Cuíña	53 513,90 €	0 €	53 513,90 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

24. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “SENDA PEONIL EN PENADEIRIZ”, DO CONCELLO DAS SOMOZAS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0205.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobaron o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello das Somozas un proxecto modificado desta obra, após dos correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Senda peonil en Penadeiriz”, do Concello das Somozas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0205.0, cos datos que se indican a continuación que, aínda que non supón variación económica con respecto do proxecto inicial, nin varia a súa finalidade e obxecto, implica unha alteración das partidas internas do seu orzamento superior ao 30 % do orzamento de execución material.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2100.0205.0	As Somozas	Senda peonil en Penadeiriz	97 913,20 €	0 €	97 913,20 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

25. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REFORMA DE LOCAL SOCIAL PARA CASA DA XUVENTUDE” DO CONCELLO DE CARRAL, OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN NÚMERO 323/2013

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 20 de decembro de 2013, polo que se aprobou un convenio de colaboración co Concello de Carral, cuxos datos se indican a continuación:

CONCELLO	Carral
Denominación da obra	Reforma de local para Casa da Xuventude
Orzamento do proxecto	124 999,99 €
Achega da Deputación	124 999,99 €
Achega do Concello	0,00 €
Coeficiente de financiamento	100 %
Partida orzamentaria	0430/93391/76201
Data de aprobación	20/12/2013
Número de convenio	323/2013
Data de formalización do convenio	27/12/2013

Logo de presentar o Concello de Carral un proxecto modificado con incremento de orzamento desta obra para corrixir os erros e carencias do proxecto inicial detectados durante a execución da obra.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, polo que se entende que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.
2. Aprobar o proxecto modificado da obra "Reforma de local para Casa da Xuventude", do Concello de Carral, obxecto do convenio de colaboración núm. 323/2013, que representa un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Carral, tal e como se indica no seguinte cadro:

Proxecto modificado da obra “Reforma de local para Casa da Xuventude” Concello de Carral - Convenio 323/2013						
Axentes financeiros	CONTRATA Proxecto inicial	CONTRATA Proxecto modificado	DIFERENZA CONTRATA	ADXUDICACIÓN Proxecto inicial	ADXUDICACIÓN Proxecto modificado	DIFERENZA ADXUDICACIÓN
Deputación	124 999,99 €	124 999,99 €	0 €	107 499,92 €	107 499,92 €	0 €
Concello	0 €	5987,83 €	5987,83 €	0 €	5149,53 €	5149,53 €
TOTAL	124 999,99 €	130 987,82 €	5987,83 €	107 499,92 €	112 649,45 €	5149,53 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/93391/76201 do vixente orzamento provincial.

3. Notificar este acordo ao Concello de Carral para os efectos de que poida proseguir a execución desta obra.”

26. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS “INTERIOR EN PRADOS (PARADELA) E OUTROS”

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

“Vista a solicitude do Concello de Toques da modificación das condicións de financiamento do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o dito Concello para a execución das obras “Interior en Prados (Paradela) e outros”, cuxa solicitude consiste en que a Deputación financie o 20 % do orzamento previsto como achega municipal no convenio aprobado polo Pleno na sesión do 24 de abril de 2015:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, polo que se entende que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobado a modificación do convenio de colaboración co Concello de Toques para financiar as obras incluídas no proxecto cuxos datos se indican a continuación, que consiste na modificación de que a Deputación asume o financiamento do 20 % do orzamento que inicialmente estaba previsto como achega do Concello, de modo que a Deputación pasa a financiar o 100 % do orzamento do proxecto.

Concello	Toques
Denominación da obra	Interior en Prados (Paradela) e outros
Orzamento do proxecto	227 972,26 €
Achega da Deputación	227 972,26 €
Achega do Concello	0 €
Coeficiente de financiamento	100 %
Partida orzamentaria	0430/454.1/76201
Data de aprobación	24/04/2015
Número e data do convenio	101/2015 de 04/05/2015

3. Aprobado a modificación do texto do convenio segundo se indica a continuación:

CLÁUSULA III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

Onde di:

“1. A Deputación de A Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 182 377,81 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada [...]”.

Debe dicir:

“1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 227 972,26 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da intervención municipal e acreditou nel que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada [...]”.

4. O importe do financiamento provincial correspondente co 100 % do orzamento do proxecto realizárase con cargo á partida 0430/454.1/76201 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO MODIFICADO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “INTERIOR EN PRADOS (PARADELA) E OUTROS”

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín Rei,

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Toques, José Ángel Penas García.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Toques ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Toques (CIF P1508400G), para o financiamento das obras “Interior en Prados (Paradela) e outros”, tal como aparece definida no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento da execución material	158 325,07 €
Gastos xerais (13 %)	20 582,26 €
Beneficio industrial (6 %)	9499,50 €
IVE (21 %)	39 565,43 €
Orzamento da contrata	227 972,26 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 227 972,26 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. A entidade beneficiaria emitiu o informe responsable da intervención municipal e acreditou que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotora, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e neles non se poderá recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á

Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar canda el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros e no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2015, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento en favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo contratista e, no seu caso, polo persoal técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula quinta, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo persoal técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida por órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar o aboamento a terceiros do importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula sexta no prazo sinalado na cláusula décimo terceira.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula décimo terceira.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

4. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou a terceiros que realizen o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Para alén diso, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 1 de novembro de 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data a

prórroga do prazo inicial e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente ampliación de prazo de execución que en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula sétima deste convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requiriralle á entidade beneficiaria que presente a documentación no prazo improrrogable de quince días. De non presentala no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido e mais dos correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e logo dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de

E, en proba de conformidade, asínano por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

A vicepresidenta da Deputación Provincial
da Coruña

O alcalde-presidente do Concello de Toques

Goretti Sanmartín Rei

José Ángel Penas García”

27. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN MIODELO”, DO CONCELLO DE BERGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2014, CO CÓDIGO 14.2101.0305.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver a resolución da Presidencia desta deputación núm. 25788, do 22 de decembro de 2014, en relación co acordo do Pleno desta deputación do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Bergondo un proxecto modificado desta obra con incremento do seu orzamento, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e a conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da provincia (BOP) núm. 206 de 29 de outubro de 2013.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra "Ampliación da rede de saneamento en Miodelo", do Concello de Bergondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014 co código 14.2101.0305.0, que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Bergondo, tal e como se indica no seguinte cadro:

Proxecto modificado da obra “Ampliación da rede de saneamento en Miodelo” Concello de Bergondo - Código: 14.2101.0305.0						
Axentes financeiros	CONTRATA Proxecto inicial	CONTRATA Proxecto modificado	DIFERENZA CONTRATA	ADXUDICACIÓN Proxecto inicial	ADXUDICACIÓN Proxecto modificado	DIFERENZA ADXUDICACIÓN
Deputación	31 093,94 €	31 093,94 €	0,00 €	18 625,19 €	18 625,19 €	0,00 €
Concello	0 €	2064,82 €	2064,82 €	0,00 €	1236,82 €	1236,82 €
TOTAL	31 093,94 €	33 158,76 €	2064,82 €	18 625,19 €	19 862,01 €	1236,82 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

28. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS, PECHE E OUTRAS MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE IÑÁS

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oleiros para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oleiros
DENOMINACIÓN DA OBRA	Construción de vestiarios, peche e outras melloras no campo de fútbol de Iñás
ORZAMENTO DO PROXECTO	156 250 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	125 000 €
ACHEGA DO CONCELLO	31 250 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/342/76201

A aprobación deste convenio queda condicionada a que o Concello de Oleiros acredite que conta coa autorización definitiva de Augas de Galicia para a execución desta obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2015, no que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA CONSTRUCIÓN DE VESTIARIOS, PECH E OUTRAS MELLORAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE IÑAS

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, a vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña, Goretti Sanmartín Rei,

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello Oleiros, Ángel García Seoane.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oleiros ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. OBXECTO

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros (CIF P1505900I), para o financiamento da obra de construción de vestiarios, peche e outras melloras no campo de fútbol de Iñás, tal e como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado pola enxeñeira municipal, Sandra Pérez Mosquera.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	108 514,48 €
Gastos xerais (13%)	14 106,88 €
Beneficio industrial (6%)	6510,87 €
IVE (21%)	27 117,77 €
Orzamento da contrata	156 250 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal e como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 125 000 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da contrata, financiarase con cargo os recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria a consignación do crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342/76201 do orzamento provincial para o ano 2015. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2015 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotora corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación, os cales non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2015, ata o 40 % da achega da Deputación terá carácter prepagable, de forma que se expedirá un primeiro pagamento en favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - Acta de comprobación de implantación da obra, asinada pola persoa que a dirixa, polo contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula quinta, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo persoal técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.
3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.
4. Deberá acreditar aboar a terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula sexta no prazo sinalado na cláusula décimo terceira.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise

xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula décimo terceira.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación

seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) e daráselle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, se o atraso se producise no prazo de xustificación e non excedese dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. Se o atraso se produce no pagamento ao adxudicatario ou a terceiros que realizen o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 1 de novembro de 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data a prórroga do prazo inicial e solicitar un novo programa de traballo asinado polo/a director/a da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2018; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula sétima do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requiriralle á entidade beneficiaria que presente a documentación no prazo improrrogable de quince días. De non presentala no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria do

E, en proba de conformidade, asínano por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A vicepresidenta da
Deputación Provincial da Coruña

O alcalde-presidente do Concello
de Oleiros

Goretti Sanmartín Rei

Ángel García Seoane

29. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA DA CAPA DE RODAXE MERCADO DE MOECHE E OUTROS” DO CONCELLO DE MOECHE, OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN NÚMERO 45/2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou un convenio de colaboración co Concello de Moeche, cuxos datos se indican a continuación:

Concello	Núm. Convenio	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
Moeche	45/2015	Mellora capa de rodaxe do mercado de Moeche e outros	240 249,94 €	0,00 €	240 249,94 €

Logo de presentar o Concello de Moeche un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, aprobado polo Concello após dos correspondentes informes favorables.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, polo que se entende que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.
2. Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da capa de rodaxe do Mercado de Moeche e outros” do Concello de Moeche, incluída no Convenio de Colaboración subscrito co Concello de Moeche, núm. 45/2015 no que, aínda que a modificación do proxecto non supón variación económica con respecto do proxecto inicial, nin varía a súa finalidade e obxecto, implica unha alteración das partidas internas do seu orzamento con respecto do proxecto inicial, superior ao 30% do orzamento de execución material.”

30. APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA “ENSANCHE DA DP 2702 SENDA PEONIL ESPENUCA (COIRÓS), PK 1,75 AO PK 2,19” DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2014, CUARTA FASE, E A SÚA INCLUSIÓN NO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, CO CÓDIGO 2015.1170.0008.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Aprobar o proxecto complementario nº 1 da obra “Ensanche da DP 2702 senda peonil Espenuca (Coirós), PK 1,75 ao PK 2,19”, do Plan de sendas peonís 2014, cuarta fase, e a súa inclusión no Plan de sendas peonís 2015, co código 2015.1170.0008.0, co detalle que se indica a continuación en canto a súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO CONTRATA
15.1170.0008.0	Proxecto complementario núm. 1 ao de ensanche da DP 2702 senda peonil Espenuca (Coirós), PK 1,75 ao PK 2,19	47 744,72 €
TOTAL		47 744,72 €

O financiamento deste proxecto complementario realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4541/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Dispoñer a exposición pública deste proxecto complementario mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas e se poidan proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, pódendose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

31. APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016 E DAS BASES PARA A SÚA EXECUCIÓN

INTERVENCIÓNS

Sr. Dios Diz

Sr. Presidente, amigas e amigos. Brevemente para explicar o sentido do voto de Compostela Aberta. Para nós, un proxecto de orzamentos é un documento vital para calquera Administración, traza a folla de ruta da acción do goberno para un exercicio, en canto que fixa os ingresos dispoñibles e os gastos que se executarán, mais non deixa de ser unha declaración de intencións, unha guía, un instrumento. O que realmente demostra o comportamento do Goberno é o uso que se fai do Orzamento, que cantidade do mesmo executa realmente e en que. Sabemos que a fotografía que reflectirán a finais do 2016 os estados de gasto será diferente á que nos dan as previsións que hoxe discutimos e votamos, pero ese será outro debate, loxicamente. Hoxe falamos dun proxecto que pode contar co apoio do noso Grupo, aínda que con algunhas matizacións ás que farei mención despois.

En rasgos xerais, podemos dicir que estes orzamentos para Compostela Aberta amosan unha contención no gasto corrente e un equilibrio financeiro ao que obriga a actual lexislación sobre facendas públicas. Reducen significativamente o número de subvencións nominativas, cando menos as contempladas inicialmente, pasando das 63 de 2015 a aproximadamente unha ducia. Destinan oitenta millóns e medio de euros a investimentos, a través de plans de colaboración cos Concellos, de investimento en bens propios ou de subvencións a entidades e persoas, e existe unha previsión dun plan de emprego, algo que nos parece necesario e que certamente saudamos con satisfacción.

Son todas elas intencións positivas que casan co acordo asinado entre os dous grupos de goberno e que merecen o noso apoio. Porén, e como dixera antes, hai algunhas matizacións que me gustaría facer.

A primeira, a redución das subvencións nominativas, non pode significar un abandono dos compromisos cos Concellos. É certo que se deben buscar criterios

obxectivos de repartición dos fondos, mais en consecuencia debe garantirse que eses fondos aumentan proporcionalmente para que os municipios non perdan o financiamento co que contaban ata o de agora e con el os servizos que prestaban.

Por outra banda, borrar do proxecto dos orzamentos as previsións de subvencións nominativas non significa que non se vaia recorrer a elas.

En segundo lugar, dentro das partidas de investimentos, vemos algunhas que inicialmente non son para nós moi elevadas, refírome aos plans de investimentos en estradas, travesías e sendas peonís, tres actuacións que son moi importantes nos Concellos con superficie rural, como ten, por exemplo, Compostela, no cal viven máis de 15.000 persoas. Estou seguro de que, máis alá das previsións iniciais, estas partidas se verán incrementadas durante o exercicio 2016 mediante transferencias doutras partidas, incorporación de remanentes, etc.

En terceiro lugar, o plan de emprego conta cunha previsión inicial de tres millóns de euros, se ben se confía en sumar ao mesmo a Xunta de Galicia, non se trata inicialmente dunha contía moi elevada. É inferior, por exemplo, aos investimentos en estradas para o vindeiro exercicio, que contarán con catro millóns de euros; así pois, vemos de novo unha intención que apoiamos, pero na cal nos gustaría unha maior intensidade.

En cuarto lugar, a Deputación ten como finalidade principal apoiar aos municipios pequenos no exercicio das súas funcións básicas, mais na nosa provincia hai tres grandes cidades que actúan como polos dinamizadores. Non pretendemos, nin moito menos que, como en ocasións anteriores, a Deputación actúe como patrón clientelar dos gobernos das cidades que teñan a mesma cor política, pero si é preciso que se garanta o apoio a determinadas iniciativas de especial relevancia, mediante un plan de grandes cidades, elaborado mediante consenso, sen discriminacións, e obxectivamente orzado. Confiamos en poder debatelo a partir do próximo luns.

En conclusión, consideramos que estes orzamentos conteñen unha serie de elementos que globalmente os fan merecedores do noso apoio, non incondicional, pero si construtivo. Dámoslle, pois, un voto de confianza ao executivo, pero lembrando ben que é na súa acción de goberno ao longo do próximo ano, no día a día, onde terá que demostrar se a súa vontade de cambiar dinámicas pasadas é real; se o programa que hoxe se nos presenta en forma de orzamento se cumpre e se os contidos do acordo de goberno toman a forma de compromisos tanxibles e reais, niso confiamos. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Bo día. Dende este Grupo provincial queremos trasladar unha serie de observacións sobre o proxecto do orzamento que nos trasladou este Goberno. Unha serie de observacións que queremos que se entendan como o que son, como creo que sempre nos expresamos, son críticas construtivas para que nos próximos anos poidamos optimizar as posibilidades e potencialidades políticas desta institución.

En primeiro lugar, queremos chamar a atención sobre os prazos que, como ben sabedes, nunca son suficientes, para estudar e mais un documento como o que se trae hoxe. Por que falamos dos prazos? Porque sempre é difícil o acceso limitado

á documentación e, sobre todo, porque na Comisión de Economía do venres, digamos que non se presentou o documento de bases do orzamento, co que dificultaba máis se cabe o estudo dun documento como o que estamos a tratar de orzamentos.

En segundo lugar, trasladarlle a este Pleno dúas cuestións que nos preocupan sobre a memoria e as bases do orzamento para 2016. Preocúpanos que se fale dun plan de emprego dotado con tres millóns de euros, pero que nin na memoria nin nas bases se contemplan os criterios e procedementos para a distribución de dito Plan. Preocúpanos tamén que os avances en transparencia non se trasladen dun xeito máis claro e definido ás bases de execución do orzamento. Vense criticando moito nos últimos Plenos e Comisións o sistema de subvencións nominativas, e aí, iso é certo, recoñecemos moito o esforzo ao actual equipo de goberno por comezar a darlle unha solución a este sistema, reducindo e favorecendo o sistema de libre concorrência, reducindo a cantidades moi pequenas as subvencións outorgadas directamente dende a Presidencia. Aínda así, e de forma construtiva, gustaríanos trasladar que nos gustaría que as tarefas de avaliación dos convenios fosen obxecto dunha Comisión con presenza de todos os Grupos provinciais, previo o ditame da Comisión informativa e da súa aprobación en Pleno, e entendemos isto como un exercicio de transparencia necesario, adecuado ao compromiso que este equipo de goberno manifestou na súa investidura, e necesario tamén para que esta institución funcione mellor de cara á cidadanía. En canto ás propias cifras do orzamento, que temos en debate, manifestar que recibimos moi positivamente aumentos notables en partidas referidas a Cultura e a Normalización Lingüística, pero cremos que o cambio non se pode notar só neste tipo de cuestións, que Asistencia a Municipios ou Servizos Sociais medran, si, pero pouco en relación a outras aplicacións.

Esperamos tamén que en próximas ocasións avance noutros puntos, e ofrecémonos dende xa mesmo a este goberno, a abrir máis canles de diálogo, a que os Grupos da oposición teñamos un papel máis relevante no deseño e na execución dos proxectos importantes, como o que hoxe debatemos.

A Marea naceu porque criamos que o papel da cidadanía na política non podía ser só o de criticar cando tocaba e votar cando tocaba, e esta idea queremos trasladala aquí. Os Grupos da oposición non podemos ser tidos en conta só para Plenos e Comisións, e agardamos máis avances sobre este particular nos próximos meses.

É preciso abrir esta institución á cidadanía, e de aí que as nosas propostas para a mesma son proxectos de longo percorrido, que non están pensados só para o benestar da cidade da Coruña, do mesmo xeito que cremos que os proxectos da Deputación deben servirle á provincia e ao país no seu conxunto, os proxectos da Marea Atlántica están pensados precisamente para iso. E nesta liña os proxectos para os que queremos o compromiso deste goberno son proxectos que procuran solucionar e avanzar en cuestións que consideramos estratéxicas para a provincia e que trascenden as propias fronteiras do municipio.

O primeiro é a inclusión do proxecto de reforma da residencia Elvira Bao no Capítulo VI de investimentos, para reforzar os equipamentos da Universidade e aumentar a súa proxección a todos os niveis. O feito de que a execución da obra, cun custo de máis de dous millóns de euros que debe financiar a propia Deputación,

segundo o convenio, se traslade ao 2016 entendemos que debería de incorporarse ao anexo de investimentos do dito exercicio.

Segundo punto, a prolongación e aumento das partidas do proxecto para a erradicación dos asentamentos precarios, e refírome a asentamentos precarios e non ao chabolismo, un concepto do que intentamos fuxir, unha circunstancia con consecuencias que tocan a outros Concellos da comarca, da provincia, é un problema co que, como sociedade, debemos de estar comprometidos, como comprometidos coa Rede de acollemento a mulleres e menores vítimas da violencia de xénero e como o programa Concilia os teus tempos, un programa municipal de rede de canguraxe que entendemos que debería ser un programa exportable a outros Concellos pola canle da Deputación. E, por último, a elaboración do proxecto de reforma das cubertas do estadio de Riazor, mostrando así o apoio a un club que máis que un club é unha auténtica institución deste país.

Nas cuestións anteriores, tanto no relativo á presenza dos grupos provinciais nas comisións de avaliación dos convenios, co financiamento da Deputación das actuacións municipais relativas ao plan de erradicación da infravivenda e das cubertas de Riazor, obtivemos o compromiso verbal deste Goberno provincial e do seu presidente, esperamos velo plasmado pronto nos proxectos que se van executar.

Compromisos que determinan o noso voto favorable a estes orzamentos que, en consecuencia, debe entenderse condicionado ao cumprimento efectivo de tales compromisos, que entendemos firmes.

Reiteramos a disposición deste Grupo a poñerse a traballar dende hoxe mesmo para levar todo isto a bo porto e, xa por último, queremos volver insistir en que estas críticas deben de ser percibidas como o que son, críticas construtivas. Construtivas porque queremos darlle o noso apoio a este orzamento. A Marea Atlántica vaille dar o seu apoio condicional a este orzamento, esperamos que esta Corporación teña claros os motivos. Damos o noso apoio pola vontade que existe de continuar evaporando a opacidade que rodea as deputacións e, con esta finalidade, nos próximos meses presentaremos diversas iniciativas para continuar no proceso de apertura á cidadanía desta Corporación. Moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Estou co portavoz de Compostela Aberta, os orzamentos son unha mirada ao futuro, e nós consideramos que estes orzamentos que hoxe trae o equipo de goberno a Pleno é unha mirada ao futuro esperanzadora. Cremos que son uns orzamentos con sensibilidade social e con obxectivos claramente sociais, comprometidos coa prestación de servizos para as persoas e para a sociedade máis desfavorecida e máis sensible da provincia; teñen tamén e implican un reforzo da aposta pola cultura e polo deporte da provincia; un impulso claro á normalización da lingua e cremos que tamén avanzan claramente no compromiso que tiñamos coa transparencia e libre concorrência no acceso aos fondos provinciais. Tamén hai un notable impulso no investimento no propio patrimonio da Deputación e na mellora das estradas provinciais que precisan de actuacións urxentes. Nunca é suficiente o diñeiro desta partida, pero si é certo que o incremento é notable respecto de orzamentos da anterior etapa de goberno. Tamén hai unha clara aposta polo fomento dos investimentos en actividades dos Concellos reservando importantes recursos

económicos para o POS, para o PAI e para outros plans que se van desenvolver no ano 2016, e tamén ten unha clara orientación en medidas de fomento de emprego e da empregabilidade, tres millóns de euros de inicio, esperemos que a Xunta tamén colabore nestas medidas; anteriormente o que achegaba a Xunta de Galicia e a Deputación sumaban máis ou menos esta cantidade, agora arrancamos xa con tres millóns de euros de fondos propios para políticas de fomento do emprego. Polo tanto, consideramos que é un orzamento positivo para a provincia da Coruña, agradecemos tamén as intervencións do resto das forzas políticas que levan intervido ata o momento e pensamos que é un orzamento que se debe apoiar e gustaríanos que saíra referendado por unanimidade dos Grupos presentes neste salón de Plenos. Moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. En primeiro lugar agradecer o ton e o talante dos Grupos e dos portavoces que interviron con anterioridade. Iso é de agradecer nun momento como este, nun día como hoxe e tamén no que nos atinxe neste punto da orde do día que é, como ben din algúns de vostedes, un punto de partida para o ano 2016 e o que son os orzamentos que van rexer dentro da provincia.

Dicir que por primeira vez neste mandato 2015-2019 concédeseme a honra de presentar ante vostedes un novo proxecto de orzamentos, neste caso o do exercicio 2016. Por iso, sendo esta unha moi boa ocasión, considero necesario bosquejar unhas ideas xerais sobre as novas políticas que pretenden implementar neste documento no que se condensa o noso plan económico para este ano 2016.

A Deputación Provincial, como Administración pública de carácter territorial, conformada pola agrupación dos 93 Concellos da provincia, debe poñer a súa primeira e máis importante atención para que a ese nivel municipal o conxunto da veciñanza se poida sentir ben atendida no tocante a infraestruturas e prestación de servizos básicos de competencia local. Conscientes de que esa é a nosa primeira responsabilidade, presentamos estes primeiros orzamentos do noso mandato, que veñen marcados por un entorno do que cómpre salientar varias notas que consideramos fundamentais.

Aínda que a magnitude macroeconómica parece indicar unha lixeira melloría, é certo que a cidadanía segue a sufrir unha forte crise económica, manténdose como problema máis vehemente unha taxa de desemprego que consideramos practicamente inaceptable, máis para un país desenvolvido e que afecta neste caso, moi especialmente, sobre todo á nosa mocidade. A Deputación, dentro das súas limitadas posibilidades e no ámbito da promoción do emprego, teremos que esforzarnos para achegar algunha medida paliativa neste eido.

A xestión económica pública neste longo período segue a ser certamente limitada por un balance fiscal deficitario e polo crecemento da débeda pública, que ten marcada o máis alto nivel na nosa historia, aproximándose case nun 100 % ao produto interior bruto. Aínda que as administracións locais no seu conxunto apártanse desta tendencia e xa pecharon o derradeiro exercicio con superávit, o que pon de manifesto a gran responsabilidade que ten a Administración local e o compromiso que teñen os Concellos de toda provincia. Ademais, para a elaboración da nosa planificación neste exercicio temos xa aprobada a Lei de orzamentos xerais do Estado

para o ano 2016, documento para nós esencial para orientar as decisións das restantes administracións públicas e para clarificar as posibles incertezas relevantes para todos os axentes económicos e sociais. As previsións dos ingresos e gastos máis relevantes deste proxecto de orzamentos veñen determinadas sobre a base das previsións estatais.

As entidades locais teremos que afrontar a devolución parcial de liquidacións de participación nos tributos do Estado dos exercicios 2008, 2009 e 2013, en concreto, no exercicio 2016, esta Deputación vai amortizar a contía de 6 601 420,22 euros. Somos sabedores e conscientes da importancia do orzamento como instrumento para a correcta xestión dos servizos provinciais e para a actuación dos Concellos da provincia nun período certamente dificultoso. Por iso entendemos que é importante abordar a elaboración deste orzamento para que entre en vigor no mes de xaneiro.

Neste contexto a xestión económica está orientada a priorizar o mantemento e a mellora de servizos básicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social da nosa cidadanía de toda a provincia. Por suposto, a existencia de subministración de auga en todos os núcleos de poboación, a correcta xestión da rede de sumidoiros, a boa e eficiente xestión do funcionamento da iluminación, a axeitada pavimentación dos camiños e das vías públicas, son indicadores moi claros cos que a nosa veciñanza aprecia e valora a xestión pública local de cada Concello. Con tal afán, e mantendo a continuidade na política de austeridade, contención do gasto corrente, quero destacar algún dos fundamentos dos que se partiu para a cuantificación dos distintos capítulos de gastos e ingresos do orzamento.

Primeiro, non haberá operacións de débeda no exercicio 2016, destacar a saúde económica e a xestión de anteriores corporacións, quero facer unha mención especial a todas as corporacións que fixeron neste eido un esforzo importante, situándonos a Deputación da Coruña á cabeza de todo o Estado español en débeda cero, algo que a gran maioría das deputacións do Estado non poden dicir o mesmo. Nós si que podemos presumir, e presumir todos, quen están na oposición agora, quen estiveron no goberno antes e toda a cidadanía da provincia temos que sentir orgullo disto.

No tocante á estimación de ingresos, cómpre destacar unha evolución positiva de participación, como dicía antes, nos ingresos do Estado, e tamén a taxa pola prestación de servizos de recadación como consecuencia da incorporación de máis Concellos a este servizo. A Deputación da Coruña atópase nunha situación financeira saudable ao non precisar, como dicía antes, a apelación ao crédito para o seu financiamento. Cada vez son máis os Concellos que lle piden servizo e asesoramento á Deputación, iso para nós tamén é un plus á hora, por suposto, de elaborar estes orzamentos, e tamén nos enche de responsabilidade.

Para a confección deste proxecto orzamentario tense partido dunha estimación moi realista e aplicándose os seguintes datos de estabilización automática: se os ingresos acreditados o 31 de agosto de 2016 pola participación dos tributos do Estado permitisen estimar fundamentalmente unha maior recadación durante o exercicio, incrementaríanse as dotacións destinadas aos Concellos no importe correspondente, sempre que os restantes conceptos, por suposto, de ingresos, se vaian realizando con normalidade. Se a liquidación do orzamento de 2015 presenta un remanente de

Tesourería dispoñible para novos gastos destinarase o seu importe prioritariamente a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e a marxe dispoñible restante se destinará a novos proxectos estratéxicos e a adoptar un novo plan provincial dirixido aos Concellos da provincia para atender investimentos financeiramente sostibles, vinculados aos gastos de servizos municipais esenciais, tamén nas condicións que permita a normativa xeral de aplicación.

As economías de adxudicación obtidas nos plans provinciais poderán reverterse no Concello correspondente na súa totalidade. O 75 % do fondo de continxencia que non se utilizase o 1 de outubro de 2016 destinarase a novos gastos de investimentos, sempre que estas condicións de estabilidade orzamentaria o permitan. Os gastos de investimentos financeiros con ingresos finalistas, de venda de parcelas, saben vostedes que temos parcelas, concretamente aquí, no Polígono, quedan condicionados a que efectivamente se materialicen as ditas operacións e, por suposto, sexan vantaxosas para a nosa Deputación.

Os plans provinciais que se dotan inicialmente financiaranse integramente con recursos propios e poderán aprobarse tan axiña como se dispoña da documentación municipal necesaria. Segundo esta dotación inicial, o Servizo de Xestión de Plans disporá dun crédito de aproximadamente 45 685 000 euros. Hai que dicir duns anos a esta parte, recalcar, que o propio POS se financia integramente con recursos da propia Deputación provincial.

Dende logo que segue a ser unha prioridade deste Goberno o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de xeito que non se gastará máis alá do que nos permitan os nosos recursos dispoñibles. A Deputación da Coruña non vai contribuír, nin ao déficit, nin ao endebedamento.

Polo que respecta aos gastos de persoal, no Capítulo I recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos adquiridos no Plan de emprego acordado cos representantes do persoal funcionario e laboral, e as que resulten das novas necesidades organizativas e operativas. Tamén se tiveron en conta as consecuencias das sentenzas desfavorables nesta materia, sempre de obrigado cumprimento e de obrigada execución. Por suposto que estaremos sempre atentos a poder mellorar estas condicións laborais dos traballadores, pois son o gran capital que temos na Deputación Provincial da Coruña e somos sabedores do reto que se nos presenta ante este novo campo.

No tocante ao gasto destinado a financiar obras e servizos municipais, este Goberno parte tamén dunha premisa fundamental para a súa actuación e a propia autonomía municipal. Por tal razón mantéñense as distintas opcións existentes para que cada Concello elixa dedicar os recursos asignados ao gasto corrente, á amortización anticipada de débeda municipal ou ao propio investimento.

Neste proxecto incorpóranse para o exercicio 2016 os créditos necesarios para o financiamento de servizos públicos esenciais, como é o caso na transferencia do Consorcio para a extinción de incendios e protección civil, entidade na que a Deputación saben vostedes que está, conxuntamente coa Xunta de Galicia, financiando cada Administración a súa parte que está arredor do 50 %.

Xa no apartado concreto de subvencións a entidades sen fin de lucro, xuntamente cos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos, considéranse prioritarias o fomento de accións tendentes a favorecer a igualdade efectiva da muller, a loita contra a violencia de xénero e, por suposto, o fomento do noso maior valor cultural que non é o outro que a lingua galega.

Mantéñense os créditos necesarios para seguirlle prestando unha boa asistencia xurídica, económica e técnica a todos os Concellos, así como tamén para darlles cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica e subministración e implantación de novas funcionalidades na aplicación informática contable e, tamén, por outra banda, intentarase actualizar a aplicación da contabilidade que se lle subministra de balde a todas as entidades sen fins de lucro da provincia para que poidan cumprir axeitadamente coas súas obrigas contables. Este é un apartado que me gustaría tamén destacar posto que, cada vez, como dicía antes, son máis os Concellos que lle piden servizo á Deputación e a Deputación entendemos que a nosa obriga é dotar estes servizos de cantidade e de calidade, e así nolo están demostrando nas súas apreciacións os Concellos e iso vai posibilitar e facilitar que a cidadanía teña cada vez máis cerca estes servizos.

Mantéñense os créditos necesarios para seguir prestando unha boa asistencia xurídica, como dicía antes, volvo a destacalo porque ás veces non nos decatamos de que temos un servizo xurídico que presta unha labor en moitos casos que son labores ingratos e incluso onde os Concellos teñen moi poucos recursos á hora de acudir a elas. Sempre digo que canto menos acudamos a este servizo xurídico, moito mellor, pero si que é certo que cada vez está máis profesionalizado e intentaremos darlle eses orzamentos que merecen.

Faise un esforzo especial tamén na atención ao patrimonio, ao turismo, ao deporte e, por suposto, tamén á asistencia técnica aos Concellos.

Na dotación de tres millóns de euros para a xestión do Plan de emprego, da que xa se falou nalgunha intervención anterior, procurárase a colaboración por suposto da Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias; pero nós tamén temos a responsabilidade de atender o emprego como merece, e así o imos facer.

En síntese, procuramos manter o mesmo e incrementarlle se procede o gasto destinado aos Concellos e a entidades sen fins de lucro e, pola contra, tratamos de ser austeros co propio gasto corrente desta Administración, tratando de tender á máxima eficiencia posible.

Pola súa banda, non cómpre esquecer que as bases de execución do orzamento tamén manterán unha estrutura similar ás do exercicio corrente e anteriores, para o que se introduciron algunhas modificacións para adaptalas ás novidades normativas para unha mellor xestión. En síntese, a través delas regularanse as seguintes materias: previsión que pretenden tratar as estimacións de ingresos e gastos ás que resulten finalmente da aplicación da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2016; normas para adaptar a xestión das subvencións dirixidas a entidades públicas e privadas ás circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2016; e mellorar a súa xestión e implementación da xestión

electrónica, mais, tamén, outras modificacións que pretenden recoller a experiencia de xestión e mellorar a eficiencia na actividade do fomento provincial.

Dito todo isto, ben podo asegurar que é un orzamento que se presenta ante vostedes é un orzamento que entendemos cun compromiso coa nosa provincia. É un compromiso cos nosos veciños e entendemos que é un orzamento rigoroso no aspecto formal, con pleno respecto ás normas xurídicas de aplicación, municipalista, xa que pretende cubrir as necesidades de financiamento dos nosos Concellos, e con pleno respecto, por suposto, á súa autonomía local. Sensible en temas sociais, culturais, e con decidido apoio ao fomento da nosa lingua e á igualdade. Austero en todo o referido ao gasto corrente da propia Administración e, prioritariamente, orientado ao fomento do emprego na nosa provincia.

Salientar tamén que é un orzamento, non quixen pararme en cifras e números para non aburriros, pero si é un orzamento que ten un incremento dun 2,49 % e que se achega a unha cifra de 175 599 000,35 euros, o que supón un aumento de 4 264 935 euros. Intentamos pararnos nas partidas que consideramos máis sociais, aumentando o gasto en normalización, en contratación, en vías e obras, en promoción económica nos distintos ámbitos que se refire a un Plan de turismo que entendiamos que estaba moi baixo; por suposto, tamén á promoción do emprego; por suposto que tamén á acción social e á cultura e ao deporte, que son os dous piares da nosa provincia. Así mesmo, dentro dos recursos humanos, tamén quixemos dotar unha subida dun 3 % esta partida e, como comentaba tamén na miña intervención, o sistema de soporte, informática, que sobe nun 14 % para darlle precisamente esta maior cobertura aos Concellos e que teñan mellor calidade para poder desempeñar e, ao mesmo tempo, a veciñanza se vexa beneficiada por el.

Para rematar, gustárame tamén, por suposto, recoller o testemuño das apreciacións que tanto fixeron os compañeiros de Compostela e recollo, por suposto con moita atención, as apreciacións que nos fan e así seguiremos a traballar porque isto, como ben di, é un punto de partida e a partir do luns ou de hoxe mesmo, estaremos traballando e atentos ás suxestións que nos poidan achegar e que serán ben aceptadas.

Por outra banda, dicirlle tamén á Marea que por suposto que nós faremos un Plan de erradicación do chabolismo, que será ampliado a máis Concellos da provincia, e no sistema de canguraxe, no que é un exemplo A Coruña e tamén o está sendo noutros Concellos, e intentaremos poder desenvolve-lo en máis Concellos da provincia como é a nosa obriga.

Polo tanto, agradecerlles o talante a todos os Grupos, a confianza depositada en nós por este orzamento e non quixera rematar sen tamén facer un agradecemento especial aos traballadores desta casa, sobre todo a quen tiveron unha parte máis activa na elaboración deste orzamento, e felicitálos polo seu traballo porque deles tamén é meritario recalcar a súa boa xestión, a súa honradez e o seu bo facer. Moitas grazas a todos.

Sr. Negreira Souto

Moi bos días a todos, especialmente ao público que nos acompaña. Primeiro, dicir que, efectivamente, valoramos moi positivamente a vontade de ter un orzamento

para o ano 2016 dende o día 1 de xaneiro, iso sempre é unha mostra de que as administracións se preocupan por ter as cousas en regra. Hai entidades locais que non van ter ese orzamento, a pesar de que dende logo sería unha boa noticia para toda a cidadanía que cada ano teña o seu orzamento e teña as súas previsións en todos os campos; polo tanto, eu creo que esta é unha boa noticia.

Valorar, ademais, que neste proxecto de orzamento que puidemos ver se manteña fundamentalmente ao 99 % a estrutura dos orzamentos destes últimos anos e, en definitiva, haxa esa dose de continuidade que eu creo que favorece a todas as institucións e non de ruptura abrupta. A pesar de que puideramos ver outras cousas noutros anos, vese que o orzamento para o 2016 responde no fundamental ao que vimos facendo estes catro anos e quero dicir que, neste sentido, a continuidade é recalcar que se estaban facendo ben as cousas e eu creo que é tamén unha boa noticia.

Valorar tamén que se diga dende o Grupo maioritario de goberno que non van contribuír ao déficit con estes orzamentos, que é tamén unha política que nosoutros fixemos nestes últimos catro anos, de lograr que a Deputación teña unha débeda cero e, polo tanto, reducir case 93 millóns de euros nos anteriores catro anos e valorar, polo tanto, o esforzo, se non entendín mal, dos seis millóns que se van facer para este vindeiro ano. Polo tanto, 93 millóns en catro anos, eu creo que esa é unha boa senda, ocupándose, digamos, das distintas necesidades dos Concellos.

Benvidos tamén á preocupación polo emprego, eu creo que é importante destinar fondos ao emprego, estamos falando de menos do 2 %, nosoutros estaríamos dende logo na intención de facer un acordo incluso con maiores cifras, se é posible, eu creo que todo o que sexa sumar en favor do que é a maior lacra probablemente que teñamos hoxe no noso país, como é o desemprego, xa en recuperación, é certo, sen destruír os 1400 empregos diarios que se destruían hai uns anos, si creando máis de 1400 empregos cada día. Pero quedan moito por facer e moitas familias que aínda necesitan ese apoio. Polo tanto, eu creo que dende todas as institucións se vai estar para colaborar, especialmente dende a Xunta, no que lle escoitei vostede, portavoz do Partido Socialista, tamén ao presidente, esa colaboración vai haber e eu creo que é moi importante que se manifeste, insisto, estamos dispostos dende o Partido Popular a apoiar máis cifras para iso se así fose necesario e os demais Grupos o entendesen.

E polo tanto, eu creo que hai un conxunto, unha valoración positiva. É certo que non puidemos, que o martes se presentou o proxecto na Comisión e polo tanto que nós imos facer o proceso de participación natural entre os 93 municipios para que poidamos ver entre todos ese proxecto de orzamentos, ver se é o que necesitamos para o 2016, concretamente, porque o 2015, aínda que como digo se parecen case como dúas gotas de auga o orzamento dun e doutro, ver se para o 2016 algunhas cuestións teremos que formulalas. Verémolo entre todos os responsables municipais dos 93 municipios e intentaremos achegar no posible as nosas propostas.

Polo tanto, eu creo que imos absternos, no sentido de dicir que valoramos cousas positivamente, pero loxicamente teremos que afondar na participación cos distintos municipios para ver se isto é así ou se hai algunhas outras necesidades que queiramos incorporar.

E logo, aquí no debate ás veces un oe cousas que realmente, oín antes a Compostela Aberta dicindo que hai que eliminar as nominativas, e despois ao mesmo tempo pide que se faga un plan para as grandes cidades, e di, democrático, nunha Comisión, como se as demais cousas que aprobamos noutros Plenos non fosen democráticas. Eu creo que a democracia e a participación non se miden por un tipo de cousas, senón precisamente polo debate, pola participación que poidamos ter. E, por tanto, eu o que pido é que poidamos seguir nesta liña de colaboración, creo que é unha boa cousa que estes orzamentos conteñan, digamos, no fundamental, a guía dos pasados anos, e a ver se somos capaces de incorporar algunha cousa máis neste período de exposición pública que estou seguro de que tanto os nosos municipios como os nosos alcaldes, estou seguro que poderán achegar algunha cousa máis a este tema. Por tanto, imos absternos no sentido de que non puidemos aínda ver a fondo todo o contido do orzamento, pero a partir de aí estruturaremos unha proposta, se é o caso, global, ou algunha proposta concreta sobre algún dos temas que aparecen nel.

Sr. Presidente

Antes de proceder á votación o que si que me gustaría é agradecer a comprensión de todos os Grupos por apoiar este documento, que como ben dicía Manolo Dios na súa intervención, é un documento clave e digamos que alguén o definiu o orzamento como a expresión contable dun proxecto político, e a verdade que o que querería é agradecer o talante e a comprensión de todos os Grupos por seren construtivos nun aspecto tan importante como é o orzamentario.

Por outra parte, agradecer o esforzo do funcionariado da Deputación porque se cando entramos aquí hai tres meses estabamos convencidos da súa valía, agora estamos convencidos dobremente, porque eu penso que, como dicía o portavoz Carlos Negreira, da importancia de que teñamos este documento en prazo para o período 2016, basicamente débese xa non só á vontade de todos os Grupos, loxicamente, senón basicamente ao empeño, exercicio tras exercicio, do propio Servizo de Orzamentos da Deputación e do Servizo de Intervención, concretamente, que é o que nos empuxa a que fagamos as cousas bastante ben. E cando digo bastante ben, hoxe pola mañá almorzando e comparando un pouco a situación doutras provincias, a verdade é que é para poñerlle e facerlle unha estatua a todo o que pasara por aquí e ao que peor o fixo facerlle unha estatua igual porque, a provincia da Coruña ten 7950 quilómetros cadrados, 1 140 000 habitantes, débeda cero e os servizos que presta creo que están bastante á altura, os servizos públicos que presta. Por poñer outros exemplos, a Deputación de Biscaia, que é un caso extremo, ten 2127 quilómetros contra os nosos case 8000, 1 150 000 habitantes, máis ou menos igual, e ten un endebedamento de 2000 millóns de euros; Burgos ten 14 000 quilómetros cadrados, menos da metade da poboación que a provincia da Coruña, e un endebedamento do 48 % do seu orzamento; Álava ten 322 000 habitantes, 2900 quilómetros cadrados e un endebedamento de 500 millóns de euros; Tenerife ten 1 000 000 de habitantes e un endebedamento de 265 millóns; Cádiz ten un 1 240 000 habitantes e un endebedamento de 205 millóns; Mallorca, 875 000 habitantes, 3640 quilómetros cadrados, 153 millóns de euros de endebedamento; Córdoba, 799 000 habitantes, 1255 quilómetros cadrados, 105 millóns de euros.

Creo que as cifras falan por si mesmas, é dicir, o que herdamos aquí do esforzo de corporacións, é un instrumento moi potente para facer cousas para a

provincia, para achegar grans de area en materias que consideramos imprescindibles para a nosa provincia, para os nosos Concellos e, este orzamento, que definiu perfectamente Antonio, ao que lle quero agradecer tamén o esforzo que leva feito, e o saben perfectamente os portavoces dos Grupos, o inmenso esforzo que leva feito en tan pouco tempo e co escaso coñecemento que loxicamente tiñamos do orzamento da Deputación, facer un traballo tan loable. Pero si que nos atopamos cun orzamento que ten unha parte continuista, perfectamente definido, que é moi rigoroso, que é austero, que busca basicamente ter unha marca propia, na marxe que temos da redución do 75 % das subvencións nominativas, se temos en conta que ese 75 % basicamente é a subvención á Sinfónica da Coruña, é dicir, unha soa subvención supón o 75 % de todas as nominativas do orzamento.

En calquera caso, digamos que recollo a indicación de todos os Grupos que interviron respecto de intentar aumentar o Plan de emprego da Deputación, é un esforzo que case triplica o orzamento, pero hai que facer unha reflexión que me facía o interventor agora e que facemos constantemente, o Plan de emprego da Deputación non se limita a esa cantidade de tres millóns de euros que se incorpora ao Plan de emprego, o Plan de emprego da Deputación son todas as cantidades destinadas a investimento, ese Plan de vías e obras, o Plan de turismo, calquera outra cantidade, calquera outra partida que signifique investimento da Deputación da Coruña, pero, especificamente, co Plan de emprego triplícase, agardemos que en datas clave, tendo en conta un escenario positivo que seguramente teremos de remanente de Tesourería para gastos xerais, de non necesaria utilización do fondo de continxencia alá polo mes de outubro, que esas cantidades, neses escenarios positivos que albiscamos, sexamos capaces de aumentar considerablemente un Plan de emprego. Que respecto ao que dicía Dani das Mareas, da necesidade de coñecer cales son as bases dese Plan de emprego, non as coñecemos nin nós, quero dicir que a intención é facelo, consultalo co resto dos Grupos e tamén escoitar os alcaldes, que en principio van ser os destinatarios os Concellos dese Plan de emprego, para que teña a maior utilidade posible, ese é o compromiso e recollemos esa luva.

E por outra parte, insistir, dar as grazas pola comprensión dos Grupos e esperar estar á altura na execución deste documento ao longo do ano.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 11 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Examinado o expediente que contén o Proxecto de orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio económico de 2016, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación se lle deu cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de

marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o orzamento xeral para o exercicio 2016 por importe de 175.599.035,00 euros, cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	16.113.432,58
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	14.396.701,53
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	10.519.620,98
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	131.814.277,44
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	710.248,65

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES 173.554.281,18

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	1.569.708,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00

TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL 1.569.708,00

3. OPERACIÓN FINANCIERAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	475.045,82
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00

TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS 475.045,82

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL 175.599.035,00

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	39.839.503,89
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	22.545.924,35
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	20.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	45.857.965,76
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.512.000,00

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES 111.775.394,00

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	22.402.870,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	19.355.000,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		41.757.870,00

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	22.065.771,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		22.065.771,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **175.599.035,0**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1	Servizos públicos básicos	3.483.502,00
2	Actuacións protección e promoción social	28.316.443,26
3	Producción bens públicos carácter preferente	24.957.616,15
4	Actuacións de carácter económico	57.889.908,55
9	Actuacións de carácter xeral	60.951.565,04
0	Débeda pública	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL		175.599.035,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril e, se ao remate do período de exposición non se presentasen reclamacións, considerárase definitivamente aprobado e publicárase resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado texto refundido, consonte ao art. 20.3 do R.D. 500/90, do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiránelles copias do expediente á Administración xeral do Estado e da comunidade autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

32. APROBACIÓN DA REESTRUTURACIÓN ORGÁNICA, CUARTA FASE. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO E ORGANIGRAMA PARA O ANO 2016

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (11 do PP e 3 de Marea Atlántica)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

“1.De conformidade co acordo plenario de 31 de maio de 2013, no que se aprobaron a reestruturación orgánica desta deputación provincial e o Plan de Emprego 2013-2015, facendo uso da potestade de autoorganización dentro da normativa legal vixente apróbase a cuarta fase de desenvolvemento da devandita reorganización, que se materializa na reasignación de efectivos que se detalla a continuación, con base no organigrama para 2016 que se adxunta, a partir das propostas recibidas e negociadas, con especificación dos novos postos, funcións e asignacións singulares, a través da reestruturación dos seguintes servizos e como consecuencia da relación de postos de traballo e organigrama, segundo se especifica a continuación, coas amortizacións de postos e prazas que tamén se expresan:

PRESIDENCIA

- Crear dous postos e prazas asociadas de Secretaría do Gabinete de Presidencia, con complemento de especial dedicación.
- Crear un posto de persoal eventual asimilado ao Grupo A1, nivel 24, especial dedicación.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

- Amortizar a praza e posto de Dirección de Área.

SERVIZOS PROVINCIAIS

- Amortizar a praza e posto de Dirección de Área.

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

- Amortizar o posto e praza asociada de Xefatura de Servizo de Contratación e reunificar as funcións da devandita xefatura coa do Servizo de Patrimonio, denominándose Xefatura de Patrimonio e Contratación.

- Adscribir todos os postos dependentes da Xefatura de Servizo de Patrimonio ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS

- Crear unha praza e posto de técnico/a financeiro-tributario na Inspección de Tributos Locais.
- Crear dúas prazas e postos de técnico/a financeiro-tributario para a Unidade Central de atención ao contribuínte.

SERVIZO DE ASISTENCIA TECNICA A MUNICIPIOS

- Amortizar o posto e praza de Dirección de Área de Acción Territorial.
- Amortizar o posto e praza de Secretaría de Dirección da área de Acción Territorial.
- Amortizar o posto e praza de Xefatura de Servizo de Apoio Técnico a Municipios.
- Crear un posto e praza de arquitecto/a.
- Modificar a denominación e funcións do posto de Xefatura de Servizo de Asistencia Técnica Urbanística por Xefatura de Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, que son as seguintes:
 - Funcións de ámbito xeral
 - Dirección do servizo e impulso e control da programación, elaboración, aprobación e execución das distintas actuacións encomendadas ao servizo.
 - Dirixir, coordinar e controlar as unidades que compoñen o servizo.
 - Preparación e xestión do orzamento do servizo.
 - Someter a exame e aprobación da Corporación cantos estudos, propostas ou informes considere oportunos para o bo funcionamento do servizo e lle soliciten.
 - Controlar a adquisición do material que se realice para o servizo.
 - Establecer relacións con outras institucións, referentes ás actividades do servizo, así como redactar as propostas de convenios ou acordos que se asinen.
 - Colaborar co Servizo de Persoal na selección do persoal para o servizo e coa Sección de Formación nos plans de formación.

- Elaborar a memoria anual de servizo.
- Propor a celebración de reunións cos responsables doutros servizos afíns, para resolver asuntos ou coordinar actuacións en temas da súa competencia.
- Asistir ás actividades formativas convenientes para o desenvolvemento das súas funcións.
- Promover o desenvolvemento do servizo incorporando e actualizando tecnoloxía informática e facilitándolle a formación necesaria ao persoal.
- Manexar as aplicacións informáticas corporativas ou departamentais que sexan implantadas no servizo.
- Calquera outra función que lle encomende a Corporación adecuada á súa capacitación profesional, coñecementos e experiencia, nomeadamente aquelas que se desenvolvan no ámbito de soporte e asistencia técnica aos Concellos da provincia.
- Funcións de ámbito de normativa:
 - Asesoramento sobre normas de carácter xeral, nomeadamente en materia urbanística, sectorial, plans e demais concordante.
 - Ordenación territorial e urbanística.
 - Aplicación da ordenación territorial relativa ás directrices de ordenación do territorio de Galicia, plans territoriais integrados (entre outros, o Plan de ordenación do litoral), plans de ordenación do medio físico, plan forestal de Galicia, catálogos e directrices da paisaxe, plans de ordenación de recursos forestais, plans e proxectos sectoriais, programas coordinados de actuación, plans de mobilidade sustentable etc.
 - Accións do plan sobre información urbanística, normas subsidiarias e complementarias do plan, plans xerais de ordenación (municipais ou supramunicipais), plans de desenvolvemento (parciais, de sectorización, especiais de reforma interior ou ordenación dos núcleos rurais etc.), plans especiais de protección, plans especiais de infraestruturas e dotacións, estudos de detalle, plans de acción da paisaxe, catálogos de protección, convenios urbanísticos do plan, normas técnicas do plan, cédulas de información sobre parcelas urbanísticas etc.
 - Emisión de informes sectoriais da deputación.
 - Configuración de sistemas de información e publicación telemática relativos aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, como Urbanismo en Rede (UeR).

- Funcións de ámbito de execución dos plans
 - Xestión urbanística relacionada con proxectos de equidistribución en actuacións sistemáticas, proxectos de normalización de predios, obtención illada de dotacións públicas (ocupación directa, permuta forzosa etc.), proxectos de expropiación (por taxación individual ou conxunta), transferencias de aproveitamento urbanístico, convenios urbanísticos de execución, inventarios de bens municipais, proxectos de urbanización (integrais ou de obras comúns) etc.
 - Intervención no mercado inmobiliario con respecto a patrimonios municipais do solo (PMS), venda e substitución forzosa, adquisición de bens para PMS (mediante equidistribución, expropiación, tanteo e retracto etc.), alleamento de bens do PMS (venda, dereito de superficie, cesión gratuíta etc.), promoción pública inmobiliaria (para usos de utilidade pública ou interese social), oferta de solo urbanizado (público ou persoal; en venda, dereito de superficie, cesión gratuíta etc.), edificación de vivenda de protección (VPP ou VPA) ou destinada a outros usos (pública ou persoal, en venda ou alugueiro) etc.
- Control dos actos de uso do solo
 - Asistencia en comunicacións previas, declaracións responsables e licenzas sobre parcelación (ou declaración da súa innecesariedade), constitución de complexos inmobiliarios, construción (obras maiores e menores, 1ª ocupación dos edificios), instalacións, actividades (clasificadas e inocuas), etc.
 - Asesoramento sobre expedientes de disciplina en materia de reposición da legalidade, sancións, ordes de execución, etc.
- Administración
 - Dirección do servizo e cooperación co resto da deputación.
 - Xestión de convenios de colaboración con outras administracións, redacción de pregos de condicións técnicas e administrativas, participación en mesas e comisións técnicas de contratación etc.
 - Participación na reforma e modernización da Administración local, xestión de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados, deseño territorial dun novo mapa local e asesoramento na confección de padróns e outras listas (cobratorias, de recibos, sobre contabilidade e demais).
 - Formación impartida na deputación e na Administración en xeral (Concellos, EGAP, INAP, USC, UDC, UV e outras varias).
 - Participación en órganos colexiados (tribunais, xurados, comisións etc.), peritaxes e outras actuacións xudiciais, publicacións etc.

PERSOAL E ORGANIZACIÓN

- Amortizar unha praza e posto de Dirección de Área.
- Amortizar unha praza e posto de Secretaría de Dirección de Área.

SERVIZO DE PLANIFICACION E XESTION DE RECURSOS HUMANOS

Se se producen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

39. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TRIBUTARIOS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación do texto das Bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia, no sentido seguinte:

Base SÉTIMA. Achegas a conta, liquidacións provisionais e liquidación anual da recadación

Punto 1. Achegas a conta

“A Deputación realizará achegas mensuais a conta da recadación de cada exercicio dos tributos comprendidos no contido mínimo da delegación, así como da taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos a aqueles Concellos que lle deleguen a súa recadación.

O importe das achegas a conta será do 95 % da recadación no período voluntario das liquidacións de contraído previo e notificación colectiva por padrón, estimada para o exercicio polos tributos enriba mencionados, repartido en once mensualidades. Para o

cálculo da recadación estimada, teranse en conta as circunstancias particulares de cada Concello e o concepto.

No suposto de que a Deputación tivese que realizar operacións de Tesourería para atender ao pagamento das ditas achegas a conta, estarase ao disposto no artigo 149.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

40. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO ANO 2015

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Fundación Refuxio de Animais (CIF G70030762), para regular a achega de 30.000 € que figura na base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2015, para o cofinanciamento de parte dos gastos de funcionamento no 2015, cun orzamento subvencionado de 45.945,16 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 65,2952 %.
3. Imputar o gasto á partida 0520/17221/481, do vixente orzamento xeral para 2015.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Refuxio de Animais, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento no 2015

A Coruña, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Dña. Paloma Aguirre Colmenar (DNI 11 792 977 A), directora da Fundación Refuxio de Animais, en representación desta e en virtude das competencias que lle conferiu o padroado na sesión do 27.02.2015.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A Fundación Refuxio de Animais é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2006, cuxo obxecto principal, segundo

os seus estatutos, é a xestión do refuxio municipal de animais do Concello, aínda que estende o seu ámbito de actuación á súa zona de influencia, sempre dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte a isto, as súas actuacións desenvólvense con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas do citado Concello, polo que o seu padroado de goberno está presidido polo alcalde e integrado por outros membros da corporación compostelá, aínda que tamén están representados algúns Concellos limítrofes e outras entidades.

Complementariamente, realiza actividades de xestión, coordinación, asesoramento, docencia e investigación en materia de coidados e asistencia dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, mediante a promoción da eficacia, eficiencia e seguridade dos animais e do seu contorno.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Refuxio de Animais, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Refuxio de Animais para o cofinanciamento de parte dos gastos de funcionamento no 2015, segundo se detalla na cláusula II.

II. ORZAMENTO DE GASTOS

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Penso e alimentación	33 776,67 €
Material veterinario e medicamentos animais	12 168,49 €
TOTAL	45 945,16 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 65,2952 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,2952 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, financiarase con cargo a recursos da Fundación Refuxio de Animais, ben sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputábel á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha, de acordo con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega seralle aboada á entidade beneficiaria nun único prazo, despois da presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante designado pola Fundación Refuxio de Animais para as súas relacións coa Deputación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación certificada, clasificada e detallada de todos os gastos realizados comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2015, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se for a o caso, as datas de pagamento e a indicación daqueles que lle sexan imputados ao presente convenio segundo a cláusula II. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- Canda esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes dos gastos subvencionados segundo a cláusula II. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.
- Certificación detallada de todos os ingresos de calquera natureza obtidos para o financiamento das actividades realizadas no 2015, coa indicación dos criterios de imputación aos gastos subvencionados sinalados na cláusula II.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os

relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se for o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e

suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro do 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devindicados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2016.
2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 31 de agosto do 2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá concederlle a prórroga solicitada que, en ningún caso, poderá exceder do 31 de outubro do 2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista moninativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do _____ de _____ de _____

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	A directora da Fundación Refuxio de Animais
--	--

Valentín González Formoso

Paloma Aguirre Colmenar

41. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN TIERRA DE HOMBRES-ESPAÑA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VIAJE CARA Á VIDA 2015”

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.
2. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de 10 160,00 €, a favor da Fundación Tierra De Hombres España (G80956733), para colaborar no financiamento do proxecto “Viaxe cara á vida 2015”, cun orzamento de gastos de 12 700,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 %.
3. Imputar a achega provincial á partida 0520/23131/481 do vixente orzamento para 2015.

4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar o presidente da Corporación para a formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Terra de Hombres España, para o financiamento do proxecto “Viaxe cara á vida 2015”

A Coruña, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Raúl Besada Vázquez, DNI 32 438 922 K, que intervén neste acto en nome e representación da Fundación Terra de Hombres España (CIF G80956733), con domicilio social na rúa dos Canteiros 1, CP 15176 Nós – Oleiros (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Fundación Terra de Hombres España (a beneficiaria, en diante), CIF G80956733, é unha organización non gobernamental de desenvolvemento constituída no ano 1994 ao amparo da Lei 50/2002, de fundacións, que forma parte do movemento internacional Terre des Hommes, creado en Lausanne (Suíza) en 1960. É membro asociado da federación internacional Terre des hommes (FITDH), a segunda agrupación de ONGD de atención á infancia e organismo consultivo do Consello Económico e Social de Nacións Unidas de UNICEF e do Consello de Europa.

O proxecto “Viaxe cara á vida” enmárcase nun “Programa de atencións médicas especializadas” que promove a beneficiaria, consistente na mellora dos recursos sanitarios propios dos países do sur, co obxectivo de que os seus centros sanitarios poidan atender as necesidades da poboación e cando isto non é posíbel, particularmente porque a enfermidade lle afecta aos máis pequenos e se precisa unha tecnoloxía inexistente no seu país de orixe, é cando se pon en funcionamento o proxecto “Viaxe cara á vida”.

A Deputación da Coruña, que xa colaborou en edicións anteriores deste proxecto, intervén no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, que configuran ás entidades locais, xunto con outras institucións, como principios actores nesta materia.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de .../...../2014, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa en favor da entidade Fundación Tierra de Hombres España, por importe de 10 160 euros, para o financiamento do proxecto “Viaxe cara á vida 2015”.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Tierra de Hombres España, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración nos termos do presente convenio e con suxeción ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto “Viaxe cara á vida 2015” desenvólvese a nivel nacional, a través dunha rede de colaboradores, tanto no terreo onde se seleccionan os casos máis necesitados como nos países do norte, onde a través de convenios con centros sanitarios e con familias de acollida se trasladan os enfermos, se lles facilita a atención médica especializada que precisen e, unha vez recuperados, se devolven aos seus lugares de orixe e se entregan ás súas familias.

A través de acordos da Fundación Tierra de Hombres España cos centros sanitarios da nosa comunidade autónoma, no ano 2015 está previsto traer entre 8 e 10 nenos/as, procedentes de distintos países africanos ou doutras procedencias nas que se dean as circunstancias de necesidade mencionadas.

II. ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a 12 700 e resúmese nas seguintes partidas:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Persoal coordinador do programa	8500 €
Comunicacións (correo, mensaxería, teléfono e material de oficina)	1800 €
Material de sensibilización (revista, folletos, web etc.)	1900 €
Seguros de voluntarios e persoas beneficiarias	500 €
TOTAL	12 700 €

Os citados importes constitúen a parte proporcional dos gastos de execución do proxecto en canto ás persoas beneficiarias que sexan atendidos en centros sanitarios de Galicia.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 10 160 euros, o que equivale a un 80 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputábel a ela.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase os 18 000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:
 - 1.1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Esta memoria acompañarase cunha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
 - 1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
 - 1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
 - 1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
 - 1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - 1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
 - 1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial desenvolveranse durante o período que vai do 1.01.2015 ao 31.12.2015, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interés legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150

euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poda incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75 euros; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20 %, co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no seu grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención concedida, co límite de 75 euros; se excedese dun mes e non cheegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 %, co límite de 900 euros.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devindicados dende o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devindicados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial mediante unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En

ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do de do 2015.

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Fundación Tierra de Hombres España

Valentín González Formoso

Raúl Besada Vázquez”

42. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO MUSEO DA EMIGRACIÓN GALEGA NA ARXENTINA (MEGA)

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención e entender que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.
2. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de 20.000,00 €, a favor da Federación de Asociacións Galegas na República Arxentina (CIF T000000004), para colaborar na reparación da fachada e posta en valor do Museo

da Emigración Galega na Arxentina-MEGA, cun orzamento estimado de gastos de 35.700,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 56,0224 %.

3. Imputar a achega provincial ao documento á partida 0520/23132/781, do vixente orzamento para 2015.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina para colaborar no financiamento de actuacións de conservación e mantemento do Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA)

Na cidade de, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Francisco Lores Mascato, que intervén neste acto en nome e representación da Federación de Asociacións Galegas na República Arxentina, cuxo domicilio social está en Chacabuco, 955 Bos Aires (Arxentina), actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación abondas para formalizar o presente convenio de colaboración, e

MANIFESTAN

A Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina é unha asociación fundada no ano 1921, con sede social en Chacabuco, 955 (1069) en Bos Aires - Arxentina, que carece de fins lucrativos, de carácter cultural, recreativa e deportiva, segundo os seus estatutos.

Na sede social da Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina atópase o Museo da Emigración Galega (MEGA), creado por ela como unha institución de carácter permanente e aberta ao público, que representa un espazo de encontro e de reflexión vinculado á emigración, á memoria e a identidade da cultura galega.

Dende a creación do MEGA, a Deputación da Coruña vén colaborando coa Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina na súa mellora, ampliación e conservación, mediante achegas á súa entidade promotora, que actualmente volve a interesarse para levar a cabo actuacións de conservación e mantemento consistentes na limpeza, reparación e pintura de cachotería, ferreiría, fiestraxes, portón de acceso principal e teitos do vestíbulo do inmovible.

É finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos e das galegas no exterior, especialmente aqueles/as máis necesitados/as, así como a divulgación dos valores culturais galegos, polo que se estima conveniente a continuación no apoio á realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior.

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Asociacións Galegas da República Arxentina, para levar a cabo actuacións de conservación e mantemento do Museo da Emigración Galega na Arxentina (MEGA), sito en Chacabuco-955 Bos Aires (Arxentina), consistentes na limpeza, reparación e pintura de cachotería, ferreiría, fiestraxe, portón de acceso principal e teitos do vestíbulo do inmovible, segundo o orzamento presentado.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA CTIVIDADE PARA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a un importe equivalente en euros de 35 700 €, segundo a oferta realizada pola empresa Emprendimientos Medioambientales SRL, seleccionada pola Federación de Asociacións Galegas por ser a máis vantaxosa de entre as consultas realizadas a outras empresas (Ideare Global Proyect, SRL e Estudio de Arquitectura Acosta y Asociados), e comprende a limpeza, reparación e pintura de cachotería, ferreiría, fiestraxe, portón de acceso principal e teitos do vestíbulo do inmovible.

O orzamento de execución presentado pola empresa Emprendimientos Medioambientales, SRL está expresado en 375 000 pesos arxentinos, que equivalen a 35 700 €, polo que se aplica un tipo de cambio de 1 euro = 10,5042 pesos arxentinos.

III. COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña comprométese a colaborar no cofinanciamento da citada adquisición cunha achega máxima de 20 000 € (vinte mil euros), o que equivale a un coeficiente de financiamento do 56,0224 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 56,0224% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23132/781, do orzamento xeral para 2015, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente por importe de 20.000,00 €, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con personas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 50 000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, debera facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación de obra subscrita pola dirección técnica e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación Provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Acta de recepción e acreditación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula quinta (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante dez anos.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicábel, tendo en conta os criterios contábeis xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As reparacións obxecto de financiamento provincial serán realizadas durante o ano 2015.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, no prazo máximo de dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio previsto na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, agás que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ou ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e seralle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seránlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 1.08.2015, e estenderá a súa vixencia ata o día 31.03.2016.
2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter realizados os investimentos e presentada a xustificación antes do día 31.01.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial por medio dunha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e logo dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas

na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, após dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do de de 2015.

E, en proba de conformidade, asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial
da Coruña

O presidente da Federación de
Asociacións Galegas da República
Argentina

Valentín González Formoso

Francisco Lores Mascato"

43. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN LO QUE DE VERDAD IMPORTA, PARA O COFINANCIAMENTO DO CONGRESO PARA O FOMENTO DOS VALORES HUMANOS, ÉTICOS E MORAIS, REALIZADO NA CIDADE DA CORUÑA O 19 DE MARZO DE 2015

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (11 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, e 3 da Marea Atlántica)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, a abstención de Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario, que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo da Intervención a este expediente.

2. Aprobar a concesión dunha achega nominativa por importe de 10 000 €, a favor da Fundación Lo que de verdad importa (CIF G86083227), para colaborar no financiamento do Congreso Lo que de verdad importa, realizado na Coruña o 19.03.2015, cun orzamento de gastos de 16 944,60 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 59,0159 %.
3. Imputar a achega provincial á partida 0520/23131/481, do vixente orzamento para 2015.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Lo que de verdad importa, para a cofinanciación do Congreso para o fomento dos valores humanos, éticos e morais, realizado na cidade da Coruña o 19 de marzo de 2015

A Coruña,..... de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando en calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dña. María Franco Méndez, DNI 02 716 363 K, que intervéen neste acto en nome e representación da Fundación Lo que de verdad importa (CIF G86083227), con domicilio na rúa Golondrina, 42 CP 28023 Madrid.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

A Fundación Lo que de verdad importa (CIF G86083227), é unha fundación constituída o 23.11.2010, ao amparo da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, inscrita no Rexistro de fundacións do Ministerio de Cultura, con domicilio na rúa Golondrina, 42 CP 28023 Madrid, cuxo fin social, segundo os seus estatutos, é promover o desenvolvemento e a difusión dos valores humanos, éticos e morais universais do público en xeral, fundamentalmente mediante actividades culturais.

A Fundación Lo que de verdad importa solicita a colaboración da Deputación para o cofinanciamento do Congreso Lo que de verdad importa, que tivo lugar na cidade da Coruña o pasado 19.03.2015, nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña (PALEXCO), como evento dirixido especialmente á mocidade e aos centros educativos universitarios e preuniversitarios coa finalidade de amosarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso.

O proxecto en cuestión ten por obxecto unha actividade que se insire nas orientacións estratéxicas da cooperación galega, ao incidir na construción dunha cidadanía global comprometida co cambio social, coa solidariedade e co desenvolvemento humano sustentábel, segundo se describe tanto no Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017 como no Plan Director da Cooperación Española 2013 – 2016.

A participación da Deputación da Coruña neste proxecto enmárcase no ámbito das competencias que o art. 36 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, lle atribúe ás deputacións provinciais “as que lles atribúan as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública ...”. Neste sentido, tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia. Doutra banda, ambos os corpos lexislativos establecen a vinculación de todas as administracións públicas aos principios e criterios da cooperación ao desenvolvemento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Lo que de verdad importa (FLQDVI), ambas as partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto da colaboración entre ambas as partes é o cofinanciamento da realización do Congreso Lo que de verdad importa, que tivo lugar na cidade da Coruña o pasado 19.03.2015, nas instalacións do Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña (PALEXCO).

Trátase dun evento orientado o fomento dos valores humanos, éticos e morais, dirixido especialmente á mocidade e aos centros educativos universitarios e preuniversitarios, coa finalidade de amosarlles os valores da solidariedade, a superación e o compromiso, ao longo dunha xornada diaria.

II. ORZAMENTO

As partidas subvencionábeis do orzamento de execución do congreso ao que se refire a cláusula anterior ascenden a 16 944,60 €, e son as seguintes:

ORZAMENTO	
CONCEPTO	IMPORTE
Audiovisuais	16 041,70 €
Instalacións	902,90 €
TOTAL	16 944,60 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de dez mil euros (10 000 €), o que representa unha porcentaxe do 59,0159 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só subvencionará o importe que represente o 59,0159% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23131/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou o documento contábel AD, núm. de operación, do orzamento xeral para 2015.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18 000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e da certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa entregaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria despois da xustificación da realización das actividades programadas, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a. Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación da actividade á que se refire, das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Xunto coa memoria deberá acompañarse unha reportaxe fotográfica ou recortes de prensa referidos ás actividades relacionadas co obxecto do convenio.
- b. Relación clasificada de todos os gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes totais e, se fose o caso, a porcentaxe de imputación ao proxecto. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- c. Coa relación anterior acompañaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo a compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- d. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- f. Declaración de todas as axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- g. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial foron realizadas o 19.03.2015 e están completamente finalizadas na data de sinatura do presente convenio.

2. A beneficiaria deberá presentar a xustificación no prazo de dous meses antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme á Lei xeral de subvencións e ás bases de execución do orzamento provincial.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. De transcorrer máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibise o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciban dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados. A sinatura deste convenio comporta a autorización á Deputación da Coruña para que obteña dita información telematicamente.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poda incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar o deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75 euros; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20 %, co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no seu grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención concedida, co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400 euros; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 %, co límite de 900 euros.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlle remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e comprenderá os percibidos dende o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos percibidos con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.05.2016.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.03.2016, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, mediante unha solicitude motivada co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.05.2016. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de forma que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación deste convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de fondos provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do ... de do 2015.

En, proba de conformidade, asínano por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación Provincial
da Coruña

A presidenta da Fundación Lo que de
verdad importa

Valentín González Formoso

María Franco Méndez”

44. RENUNCIA DE DON DIEGO CALVO POUSO Á SÚA CONDICIÓN DE DEPUTADO PROVINCIAL.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial presentada por don Diego Calvo Pouso.

2. Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3. Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando de que lle corresponde cubrir a devandita vacante a don Luis Rubido Ramonde, primeiro suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial de Ferrol nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola xunta electoral da zona de Ferrol.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción retirada polo Grupo Popular, ao que lle agradecemos a retirada. Retírase porque hai un compromiso con departamento de Vías e Obras de estudar o tema coa maior urxencia posible e de poñerse a traballar no asunto.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente dende o Grupo Popular agradecer esa sensibilidade do presidente en concreto e da Deputación. É unha actuación que, é certo, vén de lonxe, non pretendiamos con esta moción iniciar ningún debate respecto de por que dende o 2006 estivo dando voltas, pero cremos que, probablemente como outras moitas vías provinciais, é necesario facer unha reflexión, priorizar e actuar en función lóxicamente desa necesidade que estamos de acordo en que se analice dende unha perspectiva totalmente global. Moitas grazas.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Refírome agora a unha estrada provincial, especialmente analizando os expedientes que aprobamos neste Pleno, tanto de conservación como de actuación en vías provinciais, das que unha parte delas foi de reforzos a través de aglomerado en quente, refírome en concreto á estrada provincial 7103 que comeza na estrada autonómica C303 e que lles afecta aos Concellos de Ribeira e, especialmente, de Porto do Son. É unha estrada provincial na que a Deputación fixo, creo, un esforzo importante, a mellora que presenta nestes momentos a estrada é clarísima, aféctalle a núcleos importantes de poboación, especialmente do Concello de Porto do Son, estamos a falar de Seráns, de Basoñas, de Riade e de Xuño. É unha estrada que remata na estrada autonómica tamén 550, que nestes momentos está totalmente arraxada no referente ao seu trazado, pero que ten unicamente un dobre tratamento superficial. É certo que, tecnicamente, que pase tempo por riba do tratamento superficial é bo para que logo despois o aglomerado en quente estea nas mellores condicións, pero é unha estrada na que a Deputación estivo moito tempo actuando. Agora mesmo xa está rectificad o trazado na súa integridade, feito tamén un esforzo importante no que é a retirada dos peches das propiedades, incluso con beirarrúas

nalgún dos núcleos. Gustaríame facer o rogo de que se analizase a posibilidade de incluír o que é o remate con aglomerado en quente desta actuación para o vindeiro orzamento 2016.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.